PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 591 | IX lexislatura | 28 de xaneiro de 2016

Fascículo 1

## SUMARIO


## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

#### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade ao Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia [09/PL-000033 (44821)]

Emendas á totalidade de devolución:

— Do G.P. Mixto (doc. núm. 45161) 136578

— Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 45168) 136581

— e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 45169) 136588

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 45480 (09/POC-006691)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a opinión da Dirección da CRTVG respecto da presenza de mulleres nos programas de opinión, análise e debate da Radio Galega e da TVG 136595

- 45481 (09/POC-006692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o lugar que ocupa Galicia e a súa realidade na información que está a emitir a CRTVG, así como as previsións ao respecto 136597

- 45482 (09/POC-006693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as novidades que introduce e as características do Plan de explotación marisqueira para o ano 2016 do equinodermo de mar denominado *Holothuria forskali*, así como os demais recursos marisqueiros incorporados aos plans de explotación das confrarías como complementarios 136599

- 45483 (09/POC-006694)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acollemento das accións formativas impartidas polo Centro de Formación Pesqueira A Aixola, as actuacións programadas para os primeiros meses do ano 216 e as previsións ao respecto 136601

- 45484 (09/POC-006695)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa aprobación da futura lei de acuicultura de Galicia, os seus obxectivos e os instrumentos financeiros para o seu impulso, así como as medidas que se establecen para garantir o desenvolvemento acuícola de xeito sostible e compatible co medio ambiente 136603

- 45485 (09/POC-006696)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os datos relativos ás advertencias máis recentes realizadas pola Unión Europea a terceiros países en aplicación da normativa contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, ou regulamento INDNR, así como a valoración do Goberno galego respecto deste tipo de medidas 136605

- 45486 (09/POC-006697)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os resultados acadados para a frota galega no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea en relación coas posibilidades de pesca das principais especies de interese comercial para o ano 2016, e a valoración da Consellería do Mar ao respecto 136607

- 45488 (09/POC-006698)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os datos relativos ás novas xuntanzas que está a manter a Consellería do Mar cos representantes do sector do cerco para procurar un acordo en relación co modelo de xestión e a asignación de cotas, e os acordos máis relevantes acadados 136609

- 45489 (09/POC-006699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre a actuación levada a cabo e as medidas adoptadas e previstas polas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Política Social respecto da situación producida nun centro público de ensino do concello de Lalín en relación cun menor con trastorno do espectro autista 136611

- 45492 (09/POC-006700)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as actuacións, os prazos e os investimentos previstos polo Goberno galego para a execución, con cargo aos orzamentos de 2016, de diversos proxectos en materia de estradas, medio ambiente, portos, transportes, vivenda e infraestruturas sanitarias na comarca da Coruña 136613

- 45493 (09/POC-006701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as actuacións, os prazos e os investimentos previstos polo Goberno galego para a execución, con cargo aos orzamentos de 2016, de diversos proxectos en materia de infraestruturas de ensino, sanidade e asuntos sociais na comarca da Coruña 136615

- 45509 (09/POC-006704)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos datos do Instituto Galego de Estatística referentes ao emprego no ano 2015, e as actuacións previstas ao respecto para o ano 2016 136617

- 45513 (09/POC-006706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a sentenza da Audiencia Nacional relativa a catro ex directivos das antigas caixas de aforros de Galicia e a un avogado 136620

- 45516 (09/POC-006707)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referente á defensa dunha solución que garanta a restitución da totalidade do seu investimento ás persoas afectadas pola comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas 136623

- 45521 (09/POC-006708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as consecuencias das novas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa tributación das pensións percibidas polos emigrantes retornados de Alemaña, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ante a Axencia Tributaria e/ou o Goberno central co fin de resolver a situación fiscal de todas as persoas emigrantes retornadas 136626

- 45524 (09/POC-006709)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa aplicación dunha dedución na nómina dunha muller teleoperadora despois de xustificar a súa ausencia por ir recibir atención psicolóxica a través do programa do Sergas para mulleres vítimas da violencia de xénero 136630

- 45532 (09/POC-006712)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 3 máis
Sobre a xestión da Autoridade Portuaria da Coruña, e as medidas previstas para impulsar o tráfico de mercadoría xeral 136632

- 45534 (09/POC-006713)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as novas irregularidades detectadas na xestión das antigas caixas de aforros galegas 136636

- 45536 (09/POC-006714)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da estratexia de Abanca de desprendemento da súa carteira industrial e a venda a Euskaltel da súa participación na operadora R Cable, así como das actuacións levadas a cabo para o seu mantemento 136640

- 45542 (09/POC-006715)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Rianxo 136643

- 45543 (09/POC-006716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a información e a valoración do Goberno galego en relación co establecemento da investigación da situación de Abanca como obxectivo prioritario do Servizo de Prevención e Branqueo de Capitais do Ministerio de Economía 136645

- 45547 (09/POC-006717)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para o efectivo cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e o seu desenvolvemento regulamentario 136648

- 45553 (09/POC-006718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións gobernativas levadas a cabo, en relación coas persoas afectadas pola subscrición de participacións preferentes e obrigas subordinadas, pola súa intervención en protestas cidadás 136650

- 45556 (09/POC-006719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de venda de Novagalicia Banco ao grupo venezolano Banesco, así como as previsións referentes á solicitude ao Goberno central do informe realizado por unha consultora ao respecto 136653

- 45559 (09/POC-006720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co proceso de perda de galeguidade (capital, sede social, etc.) de numerosas empresas galegas, e as actuacións levadas a cabo para evitalo 136656

- 45566 (09/POC-006722)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 máis
Sobre os datos referentes aos estudos, informes e traballos levados a cabo para a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa 136659

- 45573 (09/POC-006723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración actual do Goberno galego en relación coa equiparación, para os efectos fiscais, dos muíños de vento dos parques eólicos a unha concesión administrativa 136661

- 45569 (09/POC-006724)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o desenvolvemento no ámbito educativo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e a información que posúe en relación coas denuncias realizadas ao respecto pola Federación Olívica de Asociacións de Pais e Nais de Alumnos e Alumnas de Vigo 136663

- 45580 (09/POC-006725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre o orzamento, os posibles beneficiarios e principais obxectivos de cada unha das liñas de axuda publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal galego e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa incidencia no potencial forestal de Galicia 136665

- 45599 (09/POC-006727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre os datos referidos aos proxectos presentados pola Xunta de Galicia ao abeiro da convocatoria de axudas publicada o 11 de setembro de 2014 no marco do mecanismo Conectar Europa para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte ou, se é o caso, as razóns de non participar nela 136667

- 45610 (09/POC-006728)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas 136669

- 45613 (09/POC-006729)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as que está a levar a cabo en relación coa situación que está a atravesar o sector naval na ría de Ferrol 136672

- 45630 (09/POC-006730)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas impulsadas e as xestións diplomáticas desenvolvidas polo Goberno galego en relación co acollemento e a libre circulación polo territorio europeo das persoas que foxen da miseria ou de países en guerra 136675

- 45639 (09/POC-006732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas impulsadas polo Goberno galego diante da Unión Europea para o establecemento dun novo modelo de identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que mellore a información ao consumidor e onde figure, como lugar de orixe, Galicia, así como as que está a impulsar para a posta en valor das diferentes marcas inmateriais de calidade galegas 136679

- 45648 (09/POC-006734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas de axuda postas en marcha pola Xunta de Galicia para as persoas mariscadoras por paralización temporal da actividade por causas que ameacen os recursos biolóxicos mariños e as previsións ao respecto 136683

- 45654 (09/POC-006735)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os

Estados Unidos de América e a Unión Europea, e as medidas previstas para evitar o seu impacto nos sectores económicos de Galicia 136687

- 45659 (09/POC-006736)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do informe trimestral de seguimento do acordo para a sustentabilidade do sector lácteo publicado o 30 de decembro de 2015 e as actuacións que está a levar a cabo para o seu cumprimento 136690

- 45663 (09/POC-006737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto do inicio no ano 2016 de campañas de esterilización de animais domésticos nos ámbitos urbano e rural para evitar o seu abandono, así como a concesión de axudas para ese fin 136692

- 45668 (09/POC-006738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o número de campañas de prevención, sensibilización, educación e promoción da tenza responsable de animais domésticos e exóticos realizadas polo Goberno galego desde o ano 2009, o de expedientes incoados por infraccións e o de sancións impostas nese período 136694

- 45674 (09/POC-006739)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a información do Goberno galego referida ás necesidades de mellora existentes nas instalacións das entidades protectoras de animais e a súa opinión respecto da suficiencia dos recursos orzamentarios destinados ao seu apoio 136696

- 45602 (09/POC-006740)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as razóns da paralización das obras de construción do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia en Ourense, a existencia de risco de devolución dos fondos europeos concedidos para ese fin e as previsións do Goberno galego ao respecto 136698

- 45677 (09/POC-006741)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da elección do trazado da autoestrada A-76 a través do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e da Ribeira Sacra, así como as razóns de non valorar outras alternativas 136701

- 45679 (09/POC-006742)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para facilitar a chegada de novos capitais para transformar o modelo galego de aproveitamento dos recursos mariños noutro baseado na acuicultura intensiva 136703

- 45694 (09/POC-006743)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis
Sobre a colaboración existente entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a promoción do turismo de cruceiros no porto de Vigo 136708

- 45698 (09/POC-006744)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a estratexia do Goberno galego para combater as dificultades económicas, sociais, demográficas e laborais que está a padecer a comarca de Ferrolterra, as actuacións concretas previstas no sector da construción naval, así como a participación do Goberno central e de Navantia nelas e os seus resultados 136710

- 45701 (09/POC-006745)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre os datos referidos aos informes técnicos que impiden manter activa a base de salvamento marítimo de Ruíbo, en Cee, o destino do helicóptero que tiña asignado e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto 136714

- 45711 (09/POC-006746)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para impedir a introdución de especies mariñas alóctonas non autorizadas e de organismos asociados susceptibles de prexudicar a produción acuícola e marisqueira, así como a realización dun estudo para analizar a evolución e o impacto do mexillón *Xanostrobus securis*, coñecido como exótico, na ría de Vigo 136717

- 45718 (09/POC-006747)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de pediatría de xeito continuado nos concellos de Curtis e Teixeiro e as previsións respecto do incremento do persoal facultativo no Centro de Saúde de Curtis 136720

- 45725 (09/POC-006748)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da campaña levada a cabo por Povisa para fomentar a adscrición de pacientes do sistema sanitario público e a realización polo Sergas dalgunha actuación para promover a solicitude de prestación de atención sanitaria especializada no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo polos pacientes que teñen Povisa como hospital de referencia para esa atención 136722

- 45726 (09/POC-006749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as intencións e, se é o caso, o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación da comarca do Salnés dun servizo permanente de ambulancia medicalizada ou de soporte vital avanzado, así como a consignación dunha partida orzamentaria para o ano 2016 para ese fin 136724

- 45727 (09/POC-006750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de mellora precisas no Centro de Saúde de Oza dos Ríos, así como da ampliación dos días e horas das consultas de pediatría e de matrona do centro 136728

- 45728 (09/POC-006751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para superar a precarización do mercado laboral 136731

- 45729 (09/POC-006752)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a inclusión da vacina do meningococo B no calendario de vacinación, así como a garantía da normalización da súa subministración ás farmacias galegas 136733

- 45736 (09/POC-006753)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para recortar o profesorado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Xermade, a valoración das demandas da ANPA do centro na materia e as previsións ao respecto 136736

- 45741 (09/POC-006754)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre as actuacións por parte do Concello de Agolada na parcela 00148/polígono 506 incluída no Bantegal 136739

A Mesa da Comisión 4ª, Educación e Cultura, na reunión do 27 de xaneiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

# 1. Procedementos parlamentarios
## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
#### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
#### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Cualificación das emendas á totalidade ao Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galicia [09/PL-000033 (44821)]**

Examinados os tres escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

— Do G.P. Mixto (doc. núm. 45161)
— Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 45168)
— e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 45169)

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de xaneiro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
#### 1.4.4.2. Preguntas orais en Comisión

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 45480 (09/POC-006691)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a opinión da Dirección da CRTVG respecto da presenza de mulleres nos programas de opinión, análise e debate da Radio Galega e da TVG
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45481 (09/POC-006692)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre o lugar que ocupa Galicia e a súa realidade na información que está a emitir a CRTVG, así como as previsións ao respecto
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 45482 (09/POC-006693)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as novidades que introduce e as características do Plan de explotación marisqueira para o ano 2016 do equinodermo de mar denominado *Holothuria forskali*, así como os demais recursos marisqueiros incorporados aos plans de explotación das confrarías como complementarios
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45483 (09/POC-006694)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do acollemento das accións formativas impartidas polo Centro de Formación Pesqueira A Aixola, as actuacións programadas para os primeiros meses do ano 216 e as previsións ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45484 (09/POC-006695)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa aprobación da futura lei de acuicultura de Galicia, os seus obxectivos e os instrumentos financeiros para o seu impulso, así como as medidas que se establecen para garantir o desenvolvemento acuícola de xeito sostible e compatible co medio ambiente
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45485 (09/POC-006696)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre os datos relativos ás advertencias máis recentes realizadas pola Unión Europea a terceiros países en aplicación da normativa contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, ou regulamento INDNR, así como a valoración do Goberno galego respecto deste tipo de medidas
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45486 (09/POC-006697)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os resultados acadados para a frota galega no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea en relación coas posibilidades de pesca das principais especies de interese comercial para o ano 2016, e a valoración da Consellería do Mar ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45488 (09/POC-006698)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre os datos relativos ás novas xuntanzas que está a manter a Consellería do Mar cos representantes do sector do cerco para procurar un acordo en relación co modelo de xestión e a asignación de cotas, e os acordos máis relevantes acadados
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45489 (09/POC-006699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre a actuación levada a cabo e as medidas adoptadas e previstas polas consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Política Social respecto da situación producida nun centro público de ensino do concello de Lalín en relación cun menor con trastorno do espectro autista
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45492 (09/POC-006700)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as actuacións, os prazos e os investimentos previstos polo Goberno galego para a execución, con cargo aos orzamentos de 2016, de diversos proxectos en materia de estradas, medio ambiente, portos, transportes, vivenda e infraestruturas sanitarias na comarca da Coruña
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45493 (09/POC-006701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as actuacións, os prazos e os investimentos previstos polo Goberno galego para a execución, con cargo aos orzamentos de 2016, de diversos proxectos en materia de infraestruturas de ensino, sanidade e asuntos sociais na comarca da Coruña
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45509 (09/POC-006704)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos datos do Instituto Galego de Estatística referentes ao emprego no ano 2015, e as actuacións previstas ao respecto para o ano 2016
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45513 (09/POC-006706)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a sentenza da Audiencia Nacional relativa a catro ex directivos das antigas caixas de aforros de Galicia e a un avogado
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45516 (09/POC-006707)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referente á defensa dunha solución que garanta a restitución da totalidade do seu investimento ás persoas afectadas pola comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45521 (09/POC-006708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as consecuencias das novas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa tributación das pensións percibidas polos emigrantes retornados de Alemaña, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ante a Axencia Tributaria e/ou o Goberno central co fin de

resolver a situación fiscal de todas as persoas emigrantes retornadas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45524 (09/POC-006709)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa aplicación dunha dedución na nómina dunha muller teleoperadora despois de xustificar a súa ausencia por ir recibir atención psicolóxica a través do programa do Sergas para mulleres vítimas da violencia de xénero
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45532 (09/POC-006712)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 3 máis
Sobre a xestión da Autoridade Portuaria da Coruña, e as medidas previstas para impulsar o tráfico de mercadoría xeral
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45534 (09/POC-006713)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as novas irregularidades detectadas na xestión das antigas caixas de aforros galegas
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45536 (09/POC-006714)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da estratexia de Abanca de desprendemento da súa carteira industrial e a venda a Euskaltel da súa participación na operadora R Cable, así como das actuacións levadas a cabo para o seu mantemento
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45542 (09/POC-006715)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 5 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde de Rianxo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45543 (09/POC-006716)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a información e a valoración do Goberno galego en relación co establecemento da investigación da situación de Abanca como obxectivo prioritario do Servizo de Prevención e Branqueo de Capitais do Ministerio de Economía
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45547 (09/POC-006717)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis
Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para o efectivo cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e o seu desenvolvemento regulamentario
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45553 (09/POC-006718)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as actuacións gobernativas levadas a cabo, en relación coas persoas afectadas pola subscrición de participacións preferentes e obrigas subordinadas, pola súa intervención en protestas cidadás
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 45556 (09/POC-006719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co proceso de venda de Novagalicia Banco ao grupo venezolano Banesco, así como as previsións referentes á solicitude ao Goberno central do informe realizado por unha consultora ao respecto
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45559 (09/POC-006720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co proceso de perda de galeguidade (capital, sede social, etc.) de numerosas empresas galegas, e as actuacións levadas a cabo para evitalo
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 45566 (09/POC-006722)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 2 máis
Sobre os datos referentes aos estudos, informes e traballos levados a cabo para a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45573 (09/POC-006723)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a valoración actual do Goberno galego en relación coa equiparación, para os efectos fiscais, dos muíños de vento dos parques eólicos a unha concesión administrativa
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45569 (09/POC-006724)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o desenvolvemento no ámbito educativo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e a información que posúe en relación coas denuncias realizadas ao respecto pola Federación Olívica de Asociacións de Pais e Nais de Alumnos e Alumnas de Vigo
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45580 (09/POC-006725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre o orzamento, os posibles beneficiarios e principais obxectivos de cada unha das liñas de axuda publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2015 para a defensa e apoio do sector forestal galego e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito do aproveitamento do monte, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa incidencia no potencial forestal de Galicia
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45599 (09/POC-006727)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre os datos referidos aos proxectos presentados pola Xunta de Galicia ao abeiro da convocatoria de axudas publicada o 11 de setembro de 2014 no marco do mecanismo Conectar Europa para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte ou, se é o caso, as razóns de non participar nela
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 45610 (09/POC-006728)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en materia de protección social das persoas traballadoras desempregadas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45613 (09/POC-006729)
Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego e as que está a levar a cabo en relación coa situación que está a atravesar o sector naval na ría de Ferrol
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45630 (09/POC-006730)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas impulsadas e as xestións diplomáticas desenvolvidas polo Goberno galego en relación co acollemento e a libre circulación polo territorio europeo das persoas que foxen da miseria ou de países en guerra
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 45639 (09/POC-006732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas impulsadas polo Goberno galego diante da Unión Europea para o establecemento dun novo modelo de identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que mellore a información ao consumidor e onde figure, como lugar de orixe, Galicia, así como as que está a impulsar para a posta en valor das diferentes marcas inmateriais de calidade galegas
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 45648 (09/POC-006734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas de axuda postas en marcha pola Xunta de Galicia para as persoas mariscadoras por paralización temporal da actividade por causas que ameacen os recursos biolóxicos mariños e as previsións ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45654 (09/POC-006735)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea, e as medidas previstas para evitar o seu impacto nos sectores económicos de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45659 (09/POC-006736)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do informe trimestral de seguimento do acordo para a sustentabilidade do sector lácteo publicado o 30 de decembro de 2015 e as actuacións que está a levar a cabo para o seu cumprimento
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 45663 (09/POC-006737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto do inicio no ano 2016 de campañas de esterilización de animais domésticos nos ámbitos urbano e rural para evitar o seu abandono, así como a concesión de axudas para ese fin
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45668 (09/POC-006738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o número de campañas de prevención, sensibilización, educación e promoción da tenza responsable de animais domésticos e exóticos realizadas polo Goberno galego desde o ano 2009, o de expedientes incoados por infraccións e o de sancións impostas nese período
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45674 (09/POC-006739)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a información do Goberno galego referida ás necesidades de mellora existentes nas instalacións das entidades protectoras de animais e a súa opinión respecto da suficiencia dos recursos orzamentarios destinados ao seu apoio
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45602 (09/POC-006740)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre as razóns da paralización das obras de construción do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia en Ourense, a existencia de risco de devolución dos fondos europeos concedidos para ese fin e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 45677 (09/POC-006741)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da elección do trazado da autoestrada A-76 a través do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e da Ribeira Sacra, así como as razóns de non valorar outras alternativas
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 45679 (09/POC-006742)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para facilitar a chegada de novos capitais para transformar o modelo galego de aproveitamento dos recursos mariños noutro baseado na acuicultura intensiva
Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos

- 45694 (09/POC-006743)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis
Sobre a colaboración existente entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a promoción do turismo de cruceiros no porto de Vigo
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45698 (09/POC-006744)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 2 máis
Sobre a estratexia do Goberno galego para combater as dificultades económicas, sociais, demográficas e laborais que está a padecer a comarca de Ferrolterra, as actuacións concretas previstas no sector da construción naval, así como a participación do Goberno central e de Navantia nelas e os seus resultados
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 45701 (09/POC-006745)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajes, María Soledad e 3 máis
Sobre os datos referidos aos informes técnicos que impiden manter activa a base de salvamento marítimo de Ruíbo, en Cee, o destino do helicóptero que tiña asignado e as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45711 (09/POC-006746)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodas Chapela, Daniel
Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para impedir a introdución de especies mariñas alóctonas non autorizadas e de organismos asociados susceptibles de prexudicar a produción acuícola e marisqueira, así como a realización dun estudo para analizar a evolución e o impacto do mexillón *Xanostrobus securis*, coñecido como exótico, na ría de Vigo
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 45718 (09/POC-006747)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a prestación do servizo de pediatría de xeito continuado nos concellos de Curtis e Teixeiro e as previsións respecto do incremento do persoal facultativo no Centro de Saúde de Curtis
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45725 (09/POC-006748)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da campaña levada a cabo por Povisa para fomentar a adscrición de pacientes do sistema sanitario público e a realización polo Sergas dalgunha actuación para promover a solicitude de prestación de atención sanitaria especializada no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo polos pacientes que teñen Povisa como hospital de referencia para esa atención
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45726 (09/POC-006749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as intencións e, se é o caso, o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación da comarca do Salnés dun servizo permanente de ambulancia medicalizada ou de soporte vital avanzado, así como a consignación dunha partida orzamentaria para o ano 2016 para ese fin
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45727 (09/POC-006750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución das obras de mellora precisas no Centro de Saúde de Oza dos Ríos, así como da ampliación dos días e horas das consultas de pediatría e de matrona do centro
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45728 (09/POC-006751)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para superar a precarización do mercado laboral
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45729 (09/POC-006752)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a inclusión da vacina do meningococo B no calendario de vacinación, así como a garantía da normalización da súa subministración ás farmacias galegas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 45736 (09/POC-006753)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre os criterios seguidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para recortar o profesorado do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Xermade, a valoración das demandas da ANPA do centro na materia e as previsións ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 45741 (09/POC-006754)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
García García, Pablo e 2 máis
Sobre as actuacións por parte do Concello de Agolada na parcela 00148/polígono 506 incluída no Bantegal
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 11:15
Nº Rexistro: 45161
Data envío: 29/12/2015 11:15:50.363

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Mixto,** a iniciativa da súa deputada **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade** con petición expresa de devolución, ao **Proxecto de Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (documento nº 44821, expediente 09/PL-000033)**, polos seguintes motivos:

Aínda que se cre necesaria unha regulación do patrimonio cultural galego e dos bens que a integran que remate coa dispersión normativa nun só texto legal, crese que, a proposta remitida polo Goberno galego, non entra en serio nos problemas reais que os xestores, técnicos, propietarios e demais implicados na preservación dos bens e do patrimonio cultural levan atopándose coa vixente lexislación.

O texto proposto é unha condensación da actual lexislación con algunha modificación pouco operativa. Por exemplo, desaparecen as comisión técnicas como órganos asesores, comisión que nunca foi convocada dende que entrou en vigor a lei do 95. A esta comisión, que a priori era unha boa idea, nunca se lle deu a oportunidade de amosar a súa valía e neste texto proposto, elimínase sen máis. Tamén contempla unha redución das áreas de protección o que, en principio, non é bo.

No tocante ao articulado, o texto é confuso nas súas definicións (por exemplo as zonas de amortecemento), inconcreto e non acouta conceptos polo que a lei carece de claridade e, polo tanto, de funcionalidade. Ademais, está cheo de presuncións o que implica que a lei cree inseguridade xurídica.

No tocante as ferramentas urbanísticas, a lei ten eivas importantes con respecto aos planeamentos urbanísticos ou as memorias para obter licenza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 11:15
Nº Rexistro: 45161
Data envio: 29/12/2015 11:15:50.363

Bótase en falta medidas máis garantistas na xestión patrimonial que minoren a arbitrariedade contando con informes de especialistas de relevancia aos que se lles poida esixir responsabilidades.

A proposta de infraccións é continuista e non soluciona os actuais problemas da protección patrimonial dando pe a arbitrariedades, como está a acontecer ata o de agora.

O corpo inspector non está definido: non concreta que tipo de especialidade debe ter cada un dos inspectores xa que non é o mesmo un expediente arqueolóxico que un expediente etnográfico e este corpo técnico queda indefinido.

En resumen, a lei non entra nos problemas da xestión patrimoniais que se están a atopar na actualidade os distintos implicados na mesma, dende persoal técnico da administración ata propietarios, nin mellora a lexislación actual que aínda que dispersa, xa existe. Só a derroga convertendoa nun só texto legal pero sen entrar nos problemas de fondo da xestión e da protección patrimonial e cultural motivo polo cal se solicita a súa devolución ao Goberno.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar Mixto, a iniciativa da súa deputada Carmen Iglesias Sueiro, formula a presenta emenda de totalidade ao proxecto de Lei de do Patrimonio Cultural de Galicia solicitando a <u>súa devolución ao Goberno</u>.

Pazo do Parlamento a martes, 29 de decembro de 2015

*Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro*
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia*



**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 11:15
Nº Rexistro: 45161
Data envio: 29/12/2015 11:15:50.363

**Carmen Iglesias Sueiro na data 29/12/2015 11:07:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 12:49
Nº Rexistro: 45168
Data envio: 29/12/2015 12:49:13.811

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EU espazo ecosocialista galego equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, a iniciativa dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz** e ao través da súa vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei do Patrimonio Cultural de Galicia,** polos seguintes motivos:

Non hai que buscar efeméredes para anunciar unha lei: só a conveniencia de facelo e as melloras que a súa promulgación, supostamente, conleva. No ***Proxecto de Lei do Patrimonio Cultural de Galicia*** hai aspectos paradoxais e confusos que motivan esta **emenda de devolución á totalidade**, e que pasamos a enumerar (só algúns casos):

a) Non existe no Proxecto de Lei, mais unha vez, unha coincidencia entre os desexos e os principios expostos na exposición de motivos, que buscan o alambique e "seducir" no baleiro, e o articulado, que xa amosa a súa realidade moito máis 'líquida', insegura e inestable, con probables graves consecuencias para o futuro do noso patrimonio cultural;

b) Non introduce ningunha reflexión crítica, nin somete a unha avaliación previa á lei 8/1995 e, sobre todo, ao comportamento das propias administracións públicas para co noso patrimonio, sometido a intereses espúreos e, en demasiadas ocasións, á destrución: sirvan como exemplos, o poboado castrexo

logo das obras do porto exterior da Coruña; a destrución do castro de Punta de Muros en 2005; como as vías de alta velocidade que cruzan a ría de Noia se levaron por diante un poboado con importantes restos de época romana;

c) Non desenvolve a participación das comunidades locais na xestión pública do patrimonio cultural. Só xoga co termo participación, cando é simplemente información e mal entregada, tal como aconteceu cos grupos parlamentares que asistimos a unha farsa da consellería de cultura e a súia dirección xeral, que veñen a "presentarnos" o anteproxecto cando, días antes o Consello da Xunta xa aprobara o Proxecto de Lei que hoxe devolvemos. Non existe un recoñecemento explícito a todas esas persoas que de forma individual ou colectiva se asociaron para protexer o patrimonio e impedir a súa destrución ante a indiferenza da consellería (obrando para único beneficio duns poucos, tal como aconteceu co sentenciado uso hoteleiro do castelo de Monterrei) que, non contenta con este comportamento impropio dunha administración pública, chega, mesmo, a ameazar con sancións a colectivos sociais que informan da existencia dun ben en risco de destrución pola acción antrópica. De feito, no artigo 5, onde constan os dereitos e deberes da cidadanía, non figura recollido de forma expresa o dereito de participación no deseño das políticas públicas de xestión do patrimonio cultural. Segue sendo unha lei dirixista e paternalista, que infantiliza as comunidades locais.

d) A Lei anuncia como unha panacea a unificación da lexislación existente sobre os Camiños de Santiago neste proxecto de lei. A Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago, en vigor ate hoxe, non é sequera avaliada nin se nos ofrece unha valoración crítica rigorosa e seria, cando expertos nos Camiños de Santiago alertan do abandono de certos tramos do Camiño neses lugares menos "publicitarios" e "mediáticos", mais tamén existe unha mala sinalética e xeral e non se avanzou na delimitación oficial de todos os Camiños de Santiago nestes 20 longos anos. Ademais, moitos destinos estanse convertendo en parques temáticos que poñen en perigo o propio patrimonio, porque non se fixo un labor de planificación e diversificación do concepto hoxe

de moda, “turismo cultural”. E, ao mesmo tempo, quedan relegados aspectos moi preocupantes que afectan a vías romanas, a camiños reais que, normalmente, transitan por espazos das comunidades locais connotados polo seu patrimonio natural e cultural.

e) A participación é un dereito da cidadanía asociado ao dereito de acceso á cultura. Para poder acceder e participar, a cidadanía ten que estar debidamente informada. E iso non aconteceu, nin acontece neste PL porque se manteñen baixo segredo a localización de certos bens. As comunidades locais están expulsadas da participación (art. 5) e dos órganos asesores e consultivos (art. 7), onde, por outra banda, hai evidentes e inexplicables ausencias que as propias institucións afectadas fixeron notar nas súas alegacións (Museo do Pobo Galego; ...). E o segredo e a escuridade pode impoñerse sobre a publicidade do ben para unha correcta preservación e a garantía dos dereitos estatutarios e constitucionais ao acceso á cultura, participación e información (arts. 23.3, 25.2). Se un ben non é aprehendido pola comunidade local debido a unha estratexia de escurecemento, será máis doado para os destrutores impedir que a voz da memoria se manteña.

f) Non quere a lei (art. 38) ningún atranco inmotivado á “libre iniciativa económica recoñecida como liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado”. Curioso. A sociedade civil non ten esa liberdade. Si as empresas. Coñecendo os nefastos resultados dos diferentes bens integrados nos parques arqueolóxicos xestionados por empresas privadas, reclamamos a súa titularidade e xestión desde a propia administración pública.

g) Existen frecuentes contradicións e confusións que foron postas de manifesto mesmo por departamentos e áreas da Xunta (e deixaremos de incidir nas grandes omisións para o futuro traballo parlamentario):

    a. A Xunta non sabe o que significa cooperar (artigo 2). Por momento practica a imposición dos marcos (moi evidente no art. 32, onde só se

impón o deber de conservación dos propietarios onde reside o ben); e noutro momento fuxe das súas responsabilidades. O poder local precisa dun novo marco financieiro e da derrogación da lei de reforma da administración local. Tendo en conta estas realidades, hai fortes posibilidades para que a Deputación Provincial non realice de forma oportuna o seu traballo.

b. Remite en ocasións a un posterior desenvolvemento regulamentario de certos aspectos: a conformación da Comisión Mixta entre a Xunta e a Igrexa Católica (art. 6); a delimitación dos contornos de protección (art. 12) e da zona de amortecemento (art. 13); o propio contido da declaración (art. 22.6); a natureza dos propios datos que deben figurar no Rexistro de Bens de Interese Cultural (artigo 23.3.); sobre o catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (art. 25.2)

c. Hai confusión, ao noso entender, no denominado "valor de presunción" dun ben cultural (artigo 14) (*ten valor mais debe demostrarse o seu interese!!!!*), xa que semella unha categoría tautolóxica: se non está catalogado, se non é considerado un ben, como se pode determinar ese valor. Entendemos que un ben (por exemplo, un castro inda non escavado, mais do que coñecemos a microtoponimia que o identifica na memoria dos tempos) ten un valor (non de presunción), senón de falta de investigación. Entendemos que a incorporación dun ben cultural nun Censo debe responder á necesidade de "salvalo" para o futuro. Incorporalo e dicir que non implica medidas de conservación é absurdo. A administración pública ten que activar primeiro todas as medidas preventivas propias a esa presunción e apoiar os traballos que se precisen e contar con todas as medidas que desde a administración pública se podan e deban poñer en marcha para determinar o seu alcance (pesquisa; escavación; investigación) e establecer así as oportunas medidas preventivas que unan valor e interese. O que non

pode suceder é que se secuestre ese inventario "real" de bens, como se fixo ate o momento.

O capítulo I, todo el en xeral (artigos 8-14), mais sobre todo os seus artigos 8-11 son unha ofrenda á inconsistencia pedagóxica e teórica que prescinden das concepcións teóricas máis actualizadas existentes hoxe en día sobre o patrimonio cultural. Hai desorde conceptual, confusión terminolóxica e clasificatoria, carencia de equilibrio normativo e de claridade explicativa e pedagóxica. Este desequilibrio é evidente no tocante ao que o proxecto denomina como "bens mobles" e "patrimonio inmaterial", sobre todo nesta última, onde non se fai referencia a aspectos fundamentais do mesmo e mesmo, non se recolle unha crítica (tanto no sentido favorable como negativo) da ***Lei 10/2015. do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial***, onde figura a regulación da touradas como patrimonio cultural. Algo que, desde logo, non compartimos desde AGE e denunciamos.
O Proxecto de Lei non fai referencia ás tarefas de documentación precisas para o correcto desenvolvemento das intervencións de conservación / restauración, nin incide na tarefa educativa, fundamental para o aprecio, o empoderamento crítico e a participación. A lei debe crear, recoñecer e garantir o amplo abano de participación da sociedade galega na preservación do noso patrimonio, desde os especialistas no coñecemento teórico e práctico propio das diferentes especialidades académicas, ata as comunidades locais.

d. Tampouco é claro o artigo 16, onde se expresa que un ben non pode ser declarado de interese cultural ata que pasen trinta anos. Isto sitúanos en 1996...propio das normas que protexen o patrimonio cultural de todo o século XX. Ás veces, un non sabe xa que considera patrimonio cultural o PP.

e. Con esta norma non se evita a destrución do patrimonio cultural do pobo galego en nome da "imposibilidade" de preservalo, sen que se obrigue a establecer un mecanismo de preservación completo e exhaustivo do ben e moitos nos tememos que seguirán acontecendo atropelos coma o do Castelo de Rande en nome destes criterios (art. 22.5).

f. Existe, ao noso entender, inseguridade xurídica e risco de destrución, se se mantén o anunciado no artigo 34.3 co enunciado actual.

g. No artigo 36, que regula o acceso aos bens de interese cultural esquece totalmente o dereito da cidadanía e, peor, non introduce, xa aquí, a necesidade de que a Xunta de Galicia coordine un completo proceso de accesibilidade universal aos bens considerados máis sobranceiros do noso patrimonio porque estas persoas tamén teñen dereitos de cidadanía. Desde ese enfoque, non vemos neste artigo a obriga de que o patrimonio histórico-documental e o inmaterial sexan accesibles para persoas con diversidade funcional auditiva e/ou visual.

Por estes e outros motivos que serán tratados no debate parlamentario (conservación; intervencións nas zonas de amortecemento, etc.), o grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda solicita a devolución do Proxecto de Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Santiago, 29 de decembro de 2015

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 12:49
Nº Rexistro: 45168
Data envio: 29/12/2015 12:49:13.811

**Jose Javier Ron Fernandez na data 29/12/2015 12:40:33**

**Ramón Vázquez Díaz na data 29/12/2015 12:40:40**

**Yolanda Díaz Pérez na data 29/12/2015 12:40:45**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 13:21
Nº Rexistro: 45169
Data envio: 29/12/2015 13:21:18.252

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galiza** [doc. nº **44821** (**09/PL-000033**)] en base aos seguintes motivos:

O pasado 4 de Decembro tivo entrada no rexistro do Parlamento de Galiza o Proxecto de Lei do patrimonio cultural de Galiza, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 13 de novembro de 2015. A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) este texto non supón unha reposta aos retos e necesidades que ten a xestión do patrimonio cultural do pobo galego e solicitamos a súa devolución polos seguintes motivos:

1. **O concepto e enfoque das políticas de patrimonio cultural teñen evolucionado ao longo do tempo**. Na actualidade a conceptualización do patrimonio cultural como un ben móbel ou inmóbel é insuficiente e debe acoller, non só os citados, senón tamén o patrimonio inmaterial, dixital e o conxunto de valores e recursos herdados do pasado. Hai unha extensión do concepto de patrimonio cultural e unha ampliación tipolóxica e cronolóxica que non se recolle de maneira axeitada. Se ben existe unha ampliación dos tipos existentes, faise de maneira parcial e incompleta. Ademais o Proxecto de Lei carece dunha visión e definición de obxectivos que sexa

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

congruente coa dimensión social e cun concepto de patrimonio cultural contemporáneo que debe impregnar e guiar a actuación en materia de xestión do patrimonio cultural.

2. **O Proxecto de lei non parte dunha visión crítica das carencias e necesidades da xestión do patrimonio cultural galego e das ferramentas precisas para preservalo**. De feito, na propia exposición de motivos alúdense a tres causas para esta nova lei (1) á necesidade de refundir a normativa –procedemento que ten outras canles-, (2) incorporar novas figuras de protección necesidade que se podería cubrir cunha modificación parcial da lei- e (3) o paso do tempo, que parece máis unha tautoloxía que unha argumentación solvente do punto de vista político e legal. A carencia dunha análise sobre a situación do patrimonio e os obxectivos para solventalos lastra o contido do proxecto de lei e a súa eficacia práctica.

3. **O Proxecto de lei desgaleguiza a lexislación en materia de patrimonio**. Así elimínase sen xustificación algunha a figura dos inventarios, que nacera xustamente coa vontade de adaptar a protección do patrimonio á realidade galega. Temos un patrimonio moi extenso e diverso que require niveis de protección diferentes, con niveis de protección variados e menos uniformes.

4. **O Proxecto de lei valeira as competencias da Xunta de Galiza en materia de protección do patrimonio**. Así na práctica

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2015 13:21
Nº Rexistro: 45169
Data envío: 29/12/2015 13:21:18.252

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a Xunta valeira de contido o artigo 32 do EAG que determina que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego e o artigo 27.18 que define como competencias exclusivas as relativas ao "patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galiza" derivando estas competencias aos concellos. Unha medida que se xustifica de xeito demagóxico e populista con frases como "*seguir protexendo e conservando o patrimonio cultural de costas aos concellos implica, ao cabo, facelo de costas á propia cidadanía*". Ou mesmo en termos que son ofensivos e impropios dun texto legal, caendo no insulto de quen opine diferente: "Só unha visión paternalista, dirixista e intervencionista pode mirar con desconfianza o papel relevante dos concellos". O problema é que a maior parte dos concellos non teñen recursos e medios económicos e humanos suficientes para poder facer fronte a novas competencias, nin posibilidade de facelos coas restricións que se lle impoñen por causa das políticas austericidas. Ademais resulta sorprendente e impropio que na exposición de motivos a Xunta deslice prexuízos que deixan entrever que hai unha excesiva protección do patrimonio ou que existe un rexeitamento das e dos galegos á conservación do patrimonio por causa de exercer esta competencia a Xunta de Galiza.

5. **O proxecto de lei provoca unha desprotección maior do noso patrimonio, xera maior discrecionalidade e inseguridade xurídica,** con conceptos pouco claros que só van xerar

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maior confusión. Así vemos como se reducen figuras de protección; créanse dous rexistros de bens culturais (o de bens catalogados e o de BIC), xunto cun terceiro (o Censo do Patrimonio Cultural), sen ningunha relación de xerarquía ou unicidade entre eles, e mesmo no caso do Censo do Patrimonio Cultural de Galiza na práctica non ten ningún valor xurídico; mantén procedementos longos e complexos para a introdución dos bens no Catálogo do Patrimonio Cultural, crea un novo instrumento, chamado "Área de Amortecemento" que só vai servir para confundir e xerar inseguridade na xestión das áreas de protección dos bens protexidos, etc.

6. **O Proxecto de lei carece dunha estratexia de participación social na xestión do patrimonio**. Pola contra reduce os órganos consultivos e asesores e obvia os enfoques innovadores na xestión do patrimonio que avogan pola democratización e a participación como claves de éxito na xestión cultural e no papel do patrimonio na cohesión, desenvolvemento sustentábel e xerador de riqueza.

7. **Manteñen de xeito inxustificado os privilexios da Igrexa Católica** a través da Comisión Mixta Xunta de Galiza-Igrexa Católica, o que dá lugar a situacións de privilexio duns propietarios/as fronte a outros/as, duns credos relixiosos fronte a outros.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. **Establécese un criterio cronolóxico para identificar determinados elementos como integrantes do patrimonio protexido, mais sen clareza e con variacións non xustificadas**. Este camiño deixa fóra de protección múltiples elementos recoñecidos como parte do patrimonio cultural.

9. **Séguese sen tratar aos bens arqueolóxicos como bens de dominio público que son**, non se asume no proxecto de lei que as escavacións e prospeccións arqueolóxicas son "investigacións". Resulta irresponsábel que non exista un compromiso orzamentario neste ámbito e se continúe descargando exclusivamente nos particulares o custe redacción de memorias científicas, realización de análises arqueométricas.

10. **Non se resolve a problemática do tratamento, conservación estudo e exhibición dos bens arqueolóxicos**. Existe un problema real de falta de espazos para a conservación de materiais arqueolóxicos ou centros de investigación. Compre crear un centro ou centros galegos de conservación e tratamento dos materias arqueolóxicos, -arqueoteca-, normativizando e regulando eses centros e prever a dotación dos mesmos.

11. A memoria económico-financeira da lei pon ao descuberto a falta de vontade política de dotar as carencias en

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

materia de protección, posta en valor e promoción do noso patrimonio cultural. O seguinte cadro é revelador do carácter residual das política de conservación do patrimonio e da falta de medios para mudar a tendencia destes anos en materia de patrimonio cultural. Con estes recursos a lei fica en letra morta antes de nacer.

**2.2. CUSTE DAS ACTUACIÓNS ANUAIS E FINANCIAMENTO PREVISTO**

| Obxectivos operativo | Descrición | Actuación | Partida | 2016 | 2017 | 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.1 | Identificación do patrimonio cultural de Galicia | Sistematización e difusión Censo, Catálogo e Rexistro BIC | 09.21.433A 640.1 | 60.000 | 60.000 | 60.000 |
| | | Recollida Patrimonio Inmaterial | | 40.000 | 80.000 | |
| | | Recollida BIC xenéricos | | 20.000 | 20.000 | 20.000 |
| | | Dixitalización | | 20.000 | 20.000 | 20.000 |
| 1.2 | Réxime de protección dos Camiños de Santiago | Estudos de historicidade | | 50.000 | | |
| | | Delimitacións | | 80.000 | 80.000 | 80.000 |
| | | Plan Territorial Integrado | | 100.000 | 100.000 | 100.000 |
| 1.3 | Instrucións para protección integrada | Instrucións catálogos | | - | 20.000 | 20.000 |
| | | Instrucións intervencións | | - | 20.000 | 20.000 |
| | | TOTAL | 09.21.433A | 370.000 | 400.000 | 320.000 |

MEMORIA ECONÓMICO - FINANCEIRA DO ANTEPROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA
19 de 20

12. Non se establecen medidas de compensación para as persoas propietarias dos bens culturais protexido, nin se establecen

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os compromisos da Xunta de Galiza en materia de restauración, conservación, estudo e divulgación do noso patrimonio cultural

Por isto formulamos a presente emenda de totalidade ao **Proxecto de lei do patrimonio cultural de Galiza**, con petición de devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2015

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputada do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 29/12/2015 12:46:45**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/12/2015 12:46:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45480
Data envío: 14/01/2016 14:15:59.512

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, relativa á presenza de mulleres nos programas de opinión, análise e debate da Radio e TV Galegas.

Os medios de información non só informan ou entreteñen, tamén transmiten símbolos,representacións,constrúen referentes sociais e contribúen á construción da identidade.

Na actualidade os medios de comunicación son a principal fonte de información e conformación de opinión da sociedade. É a través destes que moit@s cidad@ns forman opinión sobre os temas de actualidade, en certo sentido operan de mediadores entre o que acontece e a sociedade.

Na conformación desa opinión os programas de opinión, os faladoiros, os debates… xogan un papel de grande importancia, sobre todo si as persoas que interveñen nos mesmos fanno en condición de "cidadáns" que expresan libremente as súas opinións. O nivel socio-cultural, o xénero, o idioma as posicións ideolóxicas… das persoas que participan teñen grande relevancia na medida que deben reflectir a pluralidade social na que a cidadanía se ve reflectida.

Tendo en conta esa grande importancia que os medios teñen no proceso de socialización das persoas, a presenza das mulleres e o enfoque de xénero debería ser unha competencia esencial, unha prioridade nos mesmos, no obxectivo de reproducir unha realidade menos sesgada e máis fiel, moito máis inclusiva e máis global.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45480
Data envío: 14/01/2016 14:15:59.512

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

Coida a dirección da CRTVG que a presenza de mulleres nos programas de opinión, análise e debate da Radio e da TV Galegas son correctas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 14/01/2016 14:14:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45481
Data envío: 14/01/2016 14:16:49.215

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, relativa ao papel de Galiza na información emitida polos medios públicos.

Cada día faise máis evidente a realidade dunha radio e televisión públicas que non fan de Galiza o centro do seu propio espazo de comunicación, desde a programación en xeral, pero nos informativos en particular secundarízase sistematicamente a información de Galiza e desde a realidade galega,e faise prevalecer a información do estado, contribuíndo á estratexia de recentralización tanto no político como no económico practicada polo poder.

Polas razóns expostas formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

Vai rectificar a política informativa dos medios públicos, na que Galiza e a súa realidade non é o centro de atención?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45481
Data envio: 14/01/2016 14:16:49.215

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 14/01/2016 14:16:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45482
Data envio: 14/01/2016 14:19:01.761

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento de Galicia, reunida na súa sesión do 7 de abril de 2015 aprobaba, a iniciativa do Grupo Popular, unha proposición non de lei pola que se instaba á Xunta de Galicia a analizar a situación do equinodermo *Holothuria forskali*, coñecido popularmente en Galicia como *carallo de mar*, e a posibilidade de expandir o seu aproveitamento na nosa Comunidade.

Recentemente temos coñecido que o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2016 (publicado polo Diario Oficial de Galicia o 30 de decembro de 2015) fai un recoñecemento expreso deste mandato e do interese crecente por parte do sector na explotación comercial deste tipo de especies.

Este mesmo documento recolle o réxime preciso para permitir a explotación marisqueira na Comunidade galega coas garantías dunha boa xestión do recurso doutras especies relativamente novidosas como son as anemones, o ourizo ou as algas, ademais dos habituais crustáceos, poliquetos, e do marisqueo en xeral.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que novidades incorpora o Plan de Explotación Marisqueira en relación co equinodermo coñecido popularmente en Galicia como *carallo de mar*?

2.- Que outros recursos marisqueiros son incorporados aos plans de explotación de varias confrarías como complementarios para diversificar a súa actividade?

3.- Que outras características poden destacarse do documento que recolle o réxime preciso para permitir a explotación marisqueira na Comunidade galega coas garantías dunha boa xestión dos nosos recursos?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45482
Data envio: 14/01/2016 14:19:01.761

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 13:58:33**

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 13:58:47**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 13:58:53**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 13:59:01**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 13:59:07**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 13:59:15**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 13:59:23**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Este mes de xaneiro comezan moitos das accións formativas ofertadas no eido marítimo-pesqueiro polo Centro de Formación *A Aixola*, dependente da Consellería do Mar e xestionado pola Fundación CETMAR.

Unha das vantaxes da formación impartida por este centro é o seu carácter gratuíto, encadrada no rango de formación non regulada, pero que acredita aos alumnos que a cursan cun diploma de adquisición de coñecementos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que valoración fai o Goberno galego da acollida das accións formativas impartidas polo centro de formación A Aixola?

2.- Cales son as accións programadas para estes primeiros meses de ano? E, en función das mesmas, ¿cales as previsións que existen para futuro?

3.- Cal é o denominador común de todas as accións formativas? ¿ Cales os aspectos máis relevantes desde o punto de vista metodolóxico?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 14:00:10**

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 14:00:22**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 14:00:29**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 14:00:38**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 14:00:45**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 14:00:53**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 14:01:00**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45484
Data envío: 14/01/2016 14:19:42.464

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O primeiro día de outubro de 2015 o Consello da Xunta, reunido en Santiago de Compostela, foi informado do borrador do Anteproxecto de Lei de Acuicultura para relanzar esta actividade en Galicia, simplificar o seu desenvolvemento e garantir que se faga con respecto ao medio.

Así o explicaron na súa comparecencia tanto o presidente autonómico, Alberto Núñez Feijóo, como a conselleira do Mar, Rosa Quintana, tras facer fincapé na necesidade desta nova Lei para completar o marco normativo ao que se lle leva dando forma nos últimos anos.

O Goberno galego, dentro do seu compromiso coa revitalización deste sector impulsou diversas iniciativas que se completarán coa aprobación da futura lei, entre elas, a Estratexia Galega de Acuicultura e o Plan Director de Acuicultura do Litoral.

Ademais a futura lei será a primeira da Unión Europea nesta materia o que sirve de reposta á estratexia marcada polas institucións comunitarias para promover en todos os países membros o sector da cría de peixe en catividade.

Galicia, polas especiais características do seu territorio, é un espazo ideal para o desenvolvemento da acuicultura, coa conseguinte potencialidade na xeración de actividade económica, riqueza e empregos.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que previsións manexa o Goberno galego en relación coa aprobación deste futuro texto lexislativo: a Lei de acuicultura de Galicia?

2.- Ata o de agora a regulación da acuicultura en que tipo de normas se recollía? ¿Que razóns levan a empregar agora unha lei?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45484
Data envio: 14/01/2016 14:19:42.464

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

3.- Que obxectivos persegue este novo texto lexislativo? ¿A que necesidades pretende dar resposta a nova lei?

4.- Aposta a Unión Europea por esta actividade? ¿Que instrumentos financeiros contemplan o seu impulso?

5.- Que medidas se establecen para garantir que o desenvolvemento acuícola se faga de forma sostible e compatible co medio ambiente?

6.- Como se estrutura a futura lei?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 14:03:58**

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 14:04:06**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 14:04:13**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 14:04:21**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 14:04:29**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 14:04:36**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 14:04:45**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2016 14:20:33.745

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR) constitúe unha grave ameaza para o aproveitamento sostible dos recursos mariños e prexudica dun xeito notable un dos principais medios de subsistencia de moitas vilas e comunidades costeiras.

Segundo estimacións da Unión Europea, cada ano captúranse ilegalmente entre 11 e 26 millóns de toneladas de peixe, cifra que representa entorno ao 15% das capturas mundiais. O valor global da pesca INDNR chega aos 10.000 millóns de euros/ano.

Galicia, como territorio cunha especial dependencia da pesca, ten un compromiso especialmente acaído coa sostibilidade dos recursos pesqueiros e a nosa flota ten demostrado que cumpre cos plans de xestión e recuperación de especies e que aposta pola innovación e por artes de pesca máis selectivas.

Ademais, a pesca ilegal constitúe unha competencia desleal fronte aos nosos produtos, pois os peixes e mariscos procedentes desta actividade compiten –en moitas ocasións– nos mesmos mercados, desvirtuando os prezos, e xerando situacións que provocan a perda de actividade e empregos, ademais de poñer en perigo os esforzos que a flota galega realiza para acadar o equilibrio social, económico e medioambiental.

A Comisión Europea, vén adoptando unha serie de decisións respecto dos países que non cumpren os requisitos establecidos no Regulamento INDNR, que entrou en vigor en 2010. Este instrumento crave na loita contra a pesca ilegal garante que unicamente os produtos pesqueiros certificados conformes poden acceder ao mercado da UE.

Con ese obxecto, a normativa comunitaria establece un réxime de sancións, que incorpora unha serie de advertencias previas, a través dun sistema de outorgamento de tarxetas amarelas e vermellas aos países incumpridores.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45485
Data envío: 14/01/2016 14:20:33.745

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales foron as advertencias máis recentes realizadas pola Unión Europea a países terceiros en aplicación da normativa contra a pesca ilegal, o regulamento INDNR? ¿En base a que argumentos? ¿Que consecuencias teñen estas tarxetas amarelas?

2.- Que países están sancionados na actualidade coas tarxetas vermellas? ¿Que consecuencias teñen estes incumprimentos?

3.- Que países abandonaron a lista de “non cooperantes contra a pesca ilegal”? ¿Por que razóns?

4.- Que valoración fai o Goberno galego deste tipo de medidas de loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 14:11:07**

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 14:11:17**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 14:11:24**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 14:11:31**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 14:11:38**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 14:11:49**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 14:11:57**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45486
Data envío: 14/01/2016 14:20:55.213

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Cada ano, no mes de decembro, ten lugar unha nova xuntanza do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea co obxecto de debater a repartición das posibilidades de pesca para a maioría das poboacións de peixes de interese comercial.

Nesta ocasión correspondía acordar os totais admisibles de capturas e cotas correspondentes ao ano 2016.

Na devandita negociación foron imprescindibles e moi útiles os os informes socioeconómicos achegados dende Galicia ao Goberno estatal, porque axudaron a obter mellores resultados e reducir as propostas de baixada da Comisión Europea en certas especies de interese para a nosa flota.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cales foron os resultados acadados en relación coas posibilidades de pesca das principais especies de interese comercial para a flota galega?

2.- Que valoración fai a Consellería do Mar en relación co acordo acadado no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea que determinou os TAC e cotas para 2016?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 14:12:40**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45486
Data envío: 14/01/2016 14:20:55.213

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 14:12:48**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 14:12:55**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 14:13:03**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 14:13:09**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 14:13:17**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 14:13:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45488
Data envío: 14/01/2016 14:21:36.588

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro** e **Gonzalo Trenor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

A Consellería do Mar está a manter novas xuntanzas cos representantes das asociacións de todo o sector do cerco de Galicia na procura dun acordo común destes profesionais da pesca sobre o modelo de xestión e asignación de cotas respecto do que, a día de hoxe, existen posicións discordantes dentro do propio sector.

Desde o Grupo Popular e  o Goberno galego vimos defendendo a necesidade de achegar propostas que beneficien ao cerco galego no seu conxunto tras estudar, con rigor e obxectividade, as consecuencias dos cambios que se prevén introducir.

Tanto as administracións como o propio sector inclúen entre os asuntos a tratar distintas propostas para resolver a situación especialmente delicada daqueles barcos que non teñen posibilidades de pesca ao carecer de dereitos históricos como consecuencia, por exemplo, de levar tempo amarrados.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que representantes do sector do cerco galego acudiron ás xuntanzas promovidas polo Consellería do Mar?

2.- E, esta mediación está a servir para achegar posturas entre as distintas asociacións representadas nestes encontros?

3.- Cales son os acordos máis relevantes que se veñen de acadar nestas xuntanzas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45488
Data envio: 14/01/2016 14:21:36.588

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2016 14:15:56**

**Rosa Oubiña Solla na data 14/01/2016 14:16:05**

**Javier Jorge Guerra Fernández na data 14/01/2016 14:16:13**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 14/01/2016 14:16:21**

**Berta Pérez Hernández na data 14/01/2016 14:16:28**

**María Herminia Pouso Maneiro na data 14/01/2016 14:16:35**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 14/01/2016 14:16:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45489
Data envío: 14/01/2016 14:21:52.354





Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, María Carmen Acuña do campo e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5º.

En novembro do pasado ano coñeciamos o caso dun menor que diagnosticado de TEA e matriculado nun colexio de educación pública no concello de Lalín, era instada a súa familia para que o trasladase a un colexio de educación especial, empregando para iso a presión por parte de varios pais e nais de non levar ao colexio aos seus fillos e fillas.

Dende logo esta actuación é inadmisible nunha sociedade que pretenda ofrecer unha educación de calidade e inclusiva, e non só dana os dereitos do neno con discapacidade. Un neno ao que se lle deben proporcionar os apoios necesarios para garantir a súa educación e que deste xeito se lle están cercenando.

Esta actitude dana tamén aos seus compañeiros e compañeiras de colexio que acaban de recibir a peor lección de discriminación, prexuízos, insolidariedade e exclusión de trato en función das diversas capacidades de cada persoa.

Por este motivo as deputadas que asinan preguntan:

1ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para que non se repita esta situación?

2ª) Cal foi a actuación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ante este feito?

3ª) Que medidas se van adoptar no ámbito educativo para garantir a educación inclusiva?

Grupo Parlamentario

4ª) Coñece estes feitos a Consellería de Política Social?

5ª) No seu caso, que medidas adoptou ou vai pór en marcha?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 14/01/2016 14:18:16**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 14/01/2016 14:18:36**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 14/01/2016 14:18:44**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco e Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Os anos da crise económica levaron á Xunta de Galicia a postergar investimentos demandados pola cidadanía e polas institucións locais.

No ano 2016 os orzamentos da Xunta teñen un certo carácter expansivo polo que cómpre coñecer as previsións do Goberno galego para levar a cabo os proxectos seguintes da comarca coruñesa:

**Estradas:**

- Remate da Vía Ártabra nos tramos Oleiros-Lorbé, Vial 18 e conexión coa A-6.
- Circunvalación de Meicende-Arteixo

**Medio Ambiente:**

- Saneamento da Ría da Coruña
- Prevención das inundacións do río Mandeo en Betanzos

**Portos:**

- Dique de abrigo no porto de Suevos-Arteixo

**Transportes:**

- Estación intermodal da Coruña

**Vivenda**

- Rehabilitación vivendas casco histórico da Coruña
- Rehabilitación vivendas casco histórico de Betanzos

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

- Rehabilitación do edificio Sanatorio de Oza-Cesuras

En consecuencia formúlanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión 3ª:

1.ª) Qué previsión de actuacións existen para cada unha das obras devanditas?

2.ª) En que prazos respectivos?

3.ª) Cal será o investimento respectivo?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2016

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Emilio Vázquez Blanco
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 14/01/2016 14:15:46**

**Emilio Vázquez Blanco na data 14/01/2016 14:15:56**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 14/01/2016 14:16:02**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, Emilio Vázquez Blanco e Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Os anos da crise económica levaron á Xunta de Galicia a postergar investimentos demandados polos cidadáns e polas institucións locais. No ano 2016 os orzamentos da Xunta teñen un certo carácter expansivo polo que cómpre coñecer as previsións do Goberno galego para levar a cabo os proxectos seguintes da comarca coruñesa:

**Ensino:**

- Novo Colexio de Ensino Infantil e Primario en Culleredo
- Novo Colexio de Ensino Infantil e Primario en Mesoiro-Coruña

**Sanidade:**

- Novo centro de saúde en Santa Lucía-Coruña
- Novo centro de saúde en San Pedro de Visma-Coruña

**Asuntos Sociais:**

- Centro Sociosanitario en Oza-Coruña
- Centro de Alzheimer en Eirís-Coruña
- Centro de día no antigo centro de saúde de Betanzos

En consecuencia formúlanse as seguintes preguntas para resposta na Comisión 3ª

1.ª) Qué previsión de actuacións existen para cada unha das obras devanditas?

2.ª) En que prazos respectivos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45493
Data envío: 14/01/2016 14:25:33.587



3.ª) Cal será o investimento respectivo?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2016

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Emilio Vázquez Blanco
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 14/01/2016 14:23:34**

**Emilio Vázquez Blanco na data 14/01/2016 14:23:49**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 14/01/2016 14:23:58**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:29
Nº Rexistro: 45509
Data envío: 15/01/2016 11:29:22.372

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

**Consuelo Martínez García**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa contestación en **Comisión.**

En Galiza, asináronse o ano pasado 874.643 contratos de traballo, o que supón un crecemento do 11 % respecto dos novos empregos creados no 2014. Pero só o 4,9 % deses contratos iniciais tiveron carácter indefinido, catro décimas menos que en 2014, segundo datos do Instituto Galego de Estatística.

O resto, o 95,1%, foron eventuais. Ademais, tres de cada dez novos empregos tiveron unha duración inferior a unha semana e o 41 % non chega ao mes.

Asináronse 91.500 contratos iniciais máis que en 2014, sen embargo a afiliación media á Seguridade Social en Galiza no 2015 incrementouse en tan só 19.500 persoas, o que representa un incremento do 2,1 % sobre o ano anterior.

Por sectores, a hostalería segue sendo o gran motor do mercado laboral. Dous de cada dez contratos iniciais, o 21 %, asináronse en hoteis, bares e restaurantes. Séguelle, a unha gran distancia, a industria manufactureira, que xerou preto do 13,5 % do novo emprego. O comercio polo miúdo, incrementou un 11 % as contratacións, e o transporte, algo máis dun 9 %.

Dende unha perspectiva de xénero, os homes asinaron o 53 % dos novos contratos.

Seis de cada dez novos contratos de traballo foron para persoas con estudos secundarios e os que só teñen completada a primaria tiveron máis fácil colocarse que os titulados universitarios.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:29
Nº Rexistro: 45509
Data envío: 15/01/2016 11:29:22.372

Nin sequera a campaña do Nadal serviu para baixar o desemprego en Galiza. O número de persoas desempregadas inscritas no INEM caeu no Estado no mes de decembro en 55.790 persoas (-1,34%), pero aumentou en Galicia en 3.650, a comunidade autónoma co maior incremento (1,62%).

Estes datos evidencian a debilidade do noso sector produtivo e que a sustentabilidade da economía galega está baseada no sector servizos e no baixo investimento en I+D+i e un aumento da brecha na contratación en función do xénero.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

1. Como avalía os datos sobre a creación de emprego e a súa inestabilidade?
2. Que iniciativas poñerá en marcha a Xunta durante 2016 para aumentar a taxa de contratación e a estabilidade dos novos contratos laborais?
3. Que iniciativas poñerá en marcha a Xunta durante 2016 para incentivar a creación de emprego na industria?
4. Que iniciativas poñerá en marcha a Xunta durante 2016 para incentivar a creación de emprego cualificado?
5. Que iniciativas poñerá en marcha a Xunta durante 2016 para incentivar a contratación laboral de mulleres, fundamentalmente fora do sector servizos?

Pazo do Parlamento, a 15 de xaneiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García*
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:29
Nº Rexistro: 45509
Data envio: 15/01/2016 11:29:22.372

***María Consuelo Martínez García na data 15/01/2016 11:27:34***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:46
Nº Rexistro: 45513
Data envío: 15/01/2016 11:46:23.569

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á depuración de responsabilidades nas antigas caixas de aforro.

A Audiencia Nacional condenou en outubro de 2015 a catro ex directivos da entidade resultante da fusión das antigas Caixa Galicia e Caixanova e mais a un avogado a dous anos de cárcere e a devolveren os 19 millóns de euros das súas prexubilacións millonarias que, segundo o tribunal, cobraron de maneira "indebida". Os ex directivos foron condenados tamén ao pago dunha multa de 250 euros diarios durante dez meses e fican inhabilitados durante o tempo da condena para "o emprego que desempeñaban cando realizaron os feitos".

Segundo a sentenza os condenados cometeron un delito de administración desleal en concurso cun de apropiación indebida, na súa modalidade de xestión desleal.

A Audiencia destaca que no fondo, as cantidades cobradas irregularmente procedían de cartos públicos e que os directivos que se beneficiaron das prexubilación millonarias, coa colaboración esencial e imprescindible de Julio Fernández Gayoso e do seu asesor, urdiron un plan para que os catro altos directivos que se ían ocupar da xestión de Novacaixagalicia resultasen economicamente beneficiados no suposto máis que probable de que unha vez acabadas as axudas públicas, os novos propietarios da entidade decidisen prescindir dos seus servizos por seren os máximos xestores das caixas que non souberan xestionar axeitadamente, levándoas á situación de práctica insolvencia na que se atopaban. Segundo a sentenza Julio Fernández Gayoso acelerou todo o que puido a aprobación dos novos contratos sen explicitar suficientemente a situación da entidade e ocultando o sobrecuste que ían supoñer para a mesma.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:46
Nº Rexistro: 45513
Data envío: 15/01/2016 11:46:23.569

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras a sentenza, distintas voces cualificaron a mesma de "exemplarizante" e o Presidente da Xunta de Galiza manifestou "**que a Xustiza está en consonancia co que pensaba a Xunta** no seu momento" e "qué haberá outros responsables políticos que non poderán dicir o mesmo".

O Grupo Parlamentar do BNG non considera exemplarizante unha condena que, entre outras cousas, non conlevará penas de prisión para os responsábeis de saquear as nosas principiais entidades de aforro. Pero máis alá de valoracións xurídicas, as responsabilidades políticas seguen sen depurarse e no Parlamento Galego, incumprindo as súas propias resolucións, a Comisión de Investigación das Caixas permanece invernada.

É evidente que os feitos condenados nos terían sido posíbeis se a Xunta de Galiza e o Banco de España tivesen exercido debidamente o seu deber de tutelar estas entidades. É evidente tamén que os feitos condenados tampouco tería acontecido se non se tivese modificado a Lei de Caixas de Aforro de Galicia para prorrogar nos seus cargos aos antigos directivos, feito que foi aproveitado por estes para cometer os delictos que a Audiencia Nacional ven de condenar.

Por todo o devandito formúlanse as seguintes **Preguntas para resposta oral na Comisión 3ª**, relativas á depuración de responsabilidades nas antigas caixas de aforro.

*-Considera a Xunta de Galiza que a sentenza pola que se condena a catro exdirectivos das antigas caixas e a un avogado é "exemplarizante"?*

*-A que se refería o Presidente da Xunta de Galiza ao manifestar que "a Xustiza está en consonancia co que pensaba a Xunta no seu momento"?*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:46
Nº Rexistro: 45513
Data envío: 15/01/2016 11:46:23.569

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*-A que se refería o Presidente da Xunta de Galiza ao manifestar "qué haberá outros responsables políticos que non poderán dicir o mesmo"?*

*-Que vai facer a Xunta de Galiza para depurar as responsabilidades políticas derivadas do saqueo ás antigas caixas?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 11:27:58**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:50
Nº Rexistro: 45516
Data envío: 15/01/2016 11:50:30.895

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás accións que realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo do 12 de maio sobre unha solución ás vítimas da estafa das preferentes.

Na sesión do 12 de maio de 2015 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, aprobouse por unanimidade a seguinte proposición non de lei do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

*"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dar cumprimento á resolución aprobada por unanimidade o 17 de outubro de 2013 na que o Parlamento insta á Xunta a defender una solución que garanta a restitución da totalidade do diñeiro investido ás persoas vítimas da estafa das participacións preferentes e obrigas subordinadas".*

A razón de ser deste acordo é que por moito que a exemplar loita dos/as estafados/as pola comercialización fraudulenta destes produtos financeiros conseguise que un elevado número de persoas puidesen recuperar grande parte ou a totalidade do diñeiro investido, ainda non se *restituiu a totalidade do diñeiro investido ás persoas vítimas da estafa das participacións preferentes e obrigacións subordinadas.*

Segundo os datos recollidos nun Informe do FROB de xaneiro de 2014, das 116.660 persoas estafadas, algunhas con varios casos, 107.222 solicitaron a vía arbitral, e destas foron chamadas ao arbitraxe 62.397, recuperando 496,5 millóns de euros. Foron rexeitadas 44.825 solicitudes, por un importe de 956,6 m€.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:50
Nº Rexistro: 45516
Data envío: 15/01/2016 11:50:30.895

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras o proceso de canxe obrigatorio decretado polo Goberno español e tras as quitas correspondentes, o Fondo de Garantía de Depósitos realizou unha recompra "voluntaria"das accións por un total de 800M€.

A primeiros do 2014 había presentadas 5.881 demandas xudiciais por un importe superior aos 325 millóns de euros. Destas, 4.330 estaban en curso e 1.551 xa foran resoltas, 956 por desistir o cliente ao chegar a un acordo co banco e 589 por sentenza favorable ao cliente por un total de 64 m€. Pola contra, só 6 sentenzas foron favorábeis a NGB. Algunha destas sentenzas desfavorábeis xa foron rectificadas polas Audiencias Provinciais a favor dos estafados. Os resultados recoñecidos son dun 99,6% de sentenzas favorábeis.

Como conclusión, segundo estimacións das propias Plataformas de afectados/as, as persoas estafadas recuperaron ou recuperarán cando se remates os xuízos (dado que están reclamados pola vía xudicial non menos de 326 M€) 1.621 millóns de euros, o 88,5% do capital estafado por NGB.

Quedarían pois por recuperar uns 210 millóns de euros dos máis de 500 perdidos pola "quita" establecida polo Goberno do Estado a través do FROB.

Ademais, axilizáronse por parte da nova dirección de NGB  propostas de transaccións individualizadas, establecendo como prioridade as cuantías pequenas.

Con todo, as plataformas de afectados/as estiman que ao remate deste proceso ficarán aínda sen restituír uns 210 millóns de euros pertencentes a milleiros de pequenos/as aforradores/as.

Mais en calquera caso estamos a falar de datos extraídos das informacións proporcionadas polo FROB en xaneiro de 2014. Descoñécense os resultados das demandas interpostas dende aquela e de se houbo novos acordos extraxudiciais ofertados pola actual Abanca e os seus resultados. Segundo unha información

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

periodística posterior, ficarían aínda 110 millóns de euros sen devolver a uns 8.000 afectados.

Por todo o devandito formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

*Que accións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao citado acordo do 12 de maio de 2015 sobre unha solución que garanta a restitución da totalidade do diñeiro investido ás vítimas da estafa das preferentes?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/01/2016 19:13:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:54
Nº Rexistro: 45521
Data envío: 15/01/2016 11:54:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, en relación coa tributación das pensións dos e das emigrantes retornadas.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista ven reclamando insistentemente, secundando as demandas das persoas afectadas, a necesidade de realizar as modificación legais necesarias na lei 35/2006 pola que se regula o imposto sobre a renda das persoas físicas coa finalidade de que se establezan normas claras, precisas e sobre todo xustas e igualitarias para a tributación das pensións percibidas no estranxeiro.

A única modificación que se introduciu foi a través da disposición adicional da Lei 26/2014 na que nun recoñecemento implícito de que a Axencia Tributaria estaba realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais se establece o que chama “período de regularización” que na práctica implica a devolución das inxustas sancións, recargas e xuros que se lles impuxeron nos últimos exercicios e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén esta disposición segue sen supor unha regulación clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Non ten en conta o contido dos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:54
Nº Rexistro: 45521
Data envío: 15/01/2016 11:54:25.613

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distintos tratados bilaterais e tampouco establece mecanismos para o tratamento xusto das pensións de invalidez, entre outras consideracións.

Recentemente novas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza veñen a avalar a posición que levamos defendendo desde fai dous anos. No seu contido establece de forma explícita e taxativa que o artigo 19 do convenio bilateral con Alemania, vixente até o exercicio 2013, exime de tributación as pensións pagadas con cartos de procedencia pública dos e das emigrantes retornadas de dito país.

Tendo en conta a gran cantidade de persoas afectadas por esta situación, este Grupo Parlamentar considera que é de extrema urxencia abordar este problema. Non podemos obrigar a miles de persoas a ter, aínda por riba, que litigar xudicialmente, incorrendo en novos gastos, contra a Axencia Tributaria para que se cumpra coa legalidade.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Ten analizado o seu Goberno o contido destas novas sentenzas do TSX de Galiza en relación coas pensións percibidas por emigrantes retornados de Alemania?

-De ser así cales cre que son as consecuencias que deben derivarse do seu contido?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:54
Nº Rexistro: 45521
Data envío: 15/01/2016 11:54:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Non considera que o xusto sería que a Axencia Tributaria devolvese de oficio o tributado a todas as persoas incursas nas mesmas situacións?

-Sigue pensando que non é preciso que se estableza dunha vez por todas unha modificación normativa para contemplar todas as casuísticas e regular a tributación de todos e todas as emigrantes retornadas dunha forma clara e xusta?

-Ten previsto realizar algunha actuación ante a Axencia Tributaria e/ou o Goberno do Estado coa finalidade de que se resolva dunha vez esta penosa e inxusta situación?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**
Deputada do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 11:40:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 11:54
Nº Rexistro: 45521
Data envio: 15/01/2016 11:54:25.613

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Tereixa Paz Franco na data 15/01/2016 11:40:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 12:05
Nº Rexistro: 45524
Data envio: 15/01/2016 12:05:32.499

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María do Carme Adán Villamarín**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo foi denunciado por unha traballadora da empresa Extel, esta empresa descontou da nómina dunha muller teleoperadora, correspondente ao mes de setembro, 47,16 euros. A xustificación da entidade, cando a operaria esixiu explicacións pola dedución, foi atribuíla ás "ausencias por horas médicas desfrutadas os días 13 de febreiro". Segundo denunciou publicamente a traballadora ela dirixiu por correo electrónico á responsábel da empresa a seguinte explicación:"O 13 de febreiro é unha consulta por cuestións derivadas de violencia de xénero e entreguei o xustificante que así o indica, polo que non computa como horas médicas".

A traballadora recibe atención psicolóxica a través do programa de atención psicolóxica fornecido polo Sergas para mulleres vítimas de violencia machista, polo que non debería a empresa descontar nada da súa nómina.

Por isto e en atención a normativa vixente a respecto da violencia machista formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Ten coñecemento o goberno galego da situación vivida por esta traballadora de Extel?

2. Que actuacións vai desenvolver o goberno galego para que reverter esta situación, en concreto de vitimización secundaria?

3. Que actuación no ámbito da empresa galega vai desenvolver o goberno galego para que non se repiten situacións análogas a esta denunciada na presente iniciativa?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/01/2016 12:04:56**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 12:56
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 15/01/2016 12:56:04.886

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**José Luis Méndez Romeu, Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6. Industria, Comercio, Enerxía e Turismo**.

Segundo os datos de Portos do Estado, durante o último trienio e dos 28 portos que teñen esa condición, só seis tiveron tendencia decrecente. Dos cinco portos galegos, só o de Coruña rexistra tendencia negativa.

Mesmo contra as súas propias previsións, incumpridas no cálculo de ingresos e tamén en rendibilidade, que de acordo coa lei debe de estar no 2´5 %. A desviación media entre previsións e resultados chega ó 20 %, poñendo de manifesto erros graves de análise. Tan elevados marxes de desviación concéntranse na rúbrica de mercancía xeral, onde nalgúns anos as desviacións entre previsións e execucións chegaron ó 35 %.

Mesmo en tráficos cativos como os de gráneles líquidos xestionados por REPSOL, chegan a producirse grandes desviacións que só poden ser froito de descoordinación entre esa empresa e a Autoridade Portuaria.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 12:56
Nº Rexistro: 45532
Data envío: 15/01/2016 12:56:04.886



Partido dos Socialistas de Galicia

NIVEL DE CUMPRIMENTO DAS PREVISIONS DE TRÁFICOS DE MERCADURIAS E DE PASAXEIROS DE CRUCEIRO DO P0RTO DA CORUÑA (2010-2015).

| | **2010** | **2011** | **2012** | **2013** | **2014** | **2015** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Xerais Líquidos, datos previsión | 8.491 | 7.820 | 8.245 | 8.670 | 8.990 | 9.250 |
| Xerais Líquidos, datos reais | 7.585 | 6.600 | 7.208 | 6.560 | 6.255 | 7.382* |
| % cumprimento | 89% | 84% | 88% | 75% | 69% | |
| Xerais Sólidos, datos previsión | 5.341 | 4.250 | 3.504 | 3.563 | 3.647 | 3.741 |
| Xerais Sólidos, datos reais | 3.191 | 3.470 | 4.179 | 3.688 | 4.130 | 4.453* |
| % cumprimento | 59% | 81% | 119% | 103% | 113% | |
| Mercancía General, datos previsión | 1.686 | 1.690 | 1.208 | 1.420 | 1.590 | 1.741 |
| Mercancía General, datos reais | 1.098 | 1.227 | 1.436 | 1.158 | 1.043 | 846* |
| % cumprimento | 65% | 72% | 118% | 81% | 65% | |
| **Total Tráficos, datos previsión** | **15.518** | **13.760** | **12.957** | **13.653** | **14.227** | 14.732 |
| **Total Tráficos, datos reais** | **11.876** | **11.298** | **12.823** | **11.407** | **11.609** | 13.681* |
| **% cumprimento** | **76%** | **82%** | **98%** | **83%** | **81%** | |
| Nº pasaxeiros cruceiros, datos previsión | 60.000 | 69.000 | 137.362 | 147.499 | 157.557 | 157.043 |
| Nº pasaxeiros cruceiros, datos reais | 70.695 | 128.563 | 140.890 | 156.890 | 129.597 | 140.417 |
| % cumprimento | 117% | 186% | 102% | 106% | 82% | 89% |

Datos expresados en miles de Toneladas para os tráficos e en unidades para os pasaxeiros cruceiros; * datos contabilizados ata novembro 2015.
Fte.) Plan de Empresa Porto da Coruña e Portos do Estado.

As desviacións producen un impacto directo nas cifras de negocio da Autoridade Portuaria, no capítulo de ingresos e como consecuencia nas contas financieinas e de resultados con repercusións nos plans de financiamento.

Doutra banda o nivel de cumprimento tamén é un medidor da calidade da xestión. Unha desviación elevada significa pésima xestión.

Hai que considerar que os maiores niveis de tráficos rexistrados non chegan a igualar ós correspondentes ós anos previos á crise. Os datos da Memoria anual indican diminución da mercancía xeral mobilizada no porto e tamén un número menor de buques. Así non se compensan os altos niveis de especialización en tráficos de gráneles sólidos e líquidos, derivados da actividade de dúas empresas, a central térmica de Meirama e a refinería de Bens respectivamente.

Partido dos Socialistas de Galicia

A cifra de negocios da Autoridade Portuaria coruñesa experimentou un continuado descenso no último trienio, baixando dos 25´4 millóns de euros do 2012 a 24´7 m€ no ano seguinte e 23´7 m€ no 2014. A rendibilidade do porto pasa do 4´1 % no 2012 ó 0´87 % no 2014, moi afastada do 2´5 % anula que recomenda a Lei de portos.

EVOLUCION DE LAS CIFRA DE NEGOCIOS Y RENTABILIDAD DEL PUERTO DE A CORUÑA. (expresados en miles de euros)

| | **2012** | **2013** | **2014** |
|---|---|---|---|
| Cifra de negocios | 25.482 | 24.716 | 23.793 |
| Taxas portuarias | 24.657 | 22.793 | 23.842 |
| Taxa buque | 6.907 | 6.659 | 6.784 |
| Taxa mercancía | 10.118 | 8.703 | 9.132 |
| Taxa pasaxe | 174 | 149 | 196 |
| Rendibilidade | 4,10% | 2,11% | 0,87% |

Fuente) Memorias da Autoridade Portuaria da Coruña.

Polo exposto, os deputados e deputada asinante formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Qué valoración fai a Xunta da xestión da Autoridade Portuaria da Coruña?

2.ª) Respalda a drástica baixada da rendibilidade?

3.ª) Qué medidas serán adoptadas para relanzar o tráfico de mercancía xeral?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2016
Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/01/2016 12:52:27**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**José Manuel Gallego Lomba na data 15/01/2016 12:52:39**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2016 12:52:48**

**Noela Blanco Rodriguez na data 15/01/2016 12:52:56**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:00
Nº Rexistro: 45534
Data envío: 15/01/2016 13:00:31.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás novas irregularidades que se están a coñecer na xestión das caixas e o seu tratamento na Comisión de investigación sobre as mesmas.

O 9 de outubro de 2014, no marco do debate de política xeral sobre o estado da nación, o Parlamento galego aprobaba por unanimidade a seguinte resolución:

*"O Parlamento de Galiza acorda, como resolución, a continuidade da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforro e as causas e responsabilidades da súa actual situación, co obxecto de analizar a nova documentación aportada á comisión, que evidencia a existencia de prácticas de maquinación por parte dalgún dos altos dirixentes das antigas caixas para enriquecerse persoalmente a costa de causar un grave prexuízo económico á entidade.*

*A comisión avaliará, así mesmo, calquera novo documento ou dato que se aporte sobre prácticas de enriquecemento ilícito.*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:00
Nº Rexistro: 45534
Data envío: 15/01/2016 13:00:31.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*Así mesmo, o Parlamento de Galiza acorda, por resolución, que a comisión deberá concluír os seus traballos, coa emisión e aprobación do correspondente ditame, antes de que conclúa o actual período de sesións."*

Máis dun ano despois, esta resolución sigue incumprida. As últimas comparecencias na comisión de investigación das caixas tiveron lugar en en xullo de 2013 e dous anos despois os traballos da comisión seguen paralizados, nunha clara demostración do desprezo por parte do grupo maioritario aos propios acordos do Parlamento.

Dende entón, temos coñecido diversas irregularidades que afectan ás caixas galegas e que merecerían ser obxecto de investigación na citada comisión.

Dunha banda, un medio de comunicación recollía recentemente que o Servizo de prevención de Blanqueo de Capitais (Sepbac) dependente do Ministerio de Economía e formado por inspectores do Banco de España, ten como actuación prioritaria a investigación da situación actual de Abanca.

Doutra banda, tamén os medios de comunicación informaron de que o Sr. Don José Luis Méndez, sendo director xeral de Caixa Galicia, concedeu un crédito de 10,5 millóns de euros a Mirador des Trenc, unha firma participada por Promoción Urbanística Integral, da cal era socio fundador e na que aínda segue como conselleiro o seu fillo D. Enrique Méndez Pascual. O financiamento ía destinado á promoción dun polémico complexo hoteleiro no sur de Mallorca. O crédito acabou traspasado ao SAREB.

En calidade de conselleiro, D. José Luís Méndez asinou as contas de 2008 de Promoción Urbanística Integral, promotora con sé en Tenerife. Nas contas da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:00
Nº Rexistro: 45534
Data envío: 15/01/2016 13:00:31.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promotora hoteleira recóllese que "a sociedade outorgou garantía mancomunada ante Caixa Galicia para garantir unha póliza de crédito concedida por esta entidade á participada Mirador des Trenc SL". Xa como Novacaixagalicia, en 2011, unha vez fusionadas as Caixa Galicia e Caixanova e con D. José Luis Méndez fóra da entidade resultante, procedeuse a renovar o crédito.

Así, comprobamos como entre as moitas irregularidades da xestión de D.José Luis Méndez atópase tamén a de concederse un crédito nunha operación que resultou fallida e cun crédito que rematou na Sareb.

Por último, coñeceuse tamén que o FROB remitirá á Fiscalía catro operacións irregulares correspondentes á antiga Novacaixagalicia que, segundo os realizados, poderían xerar prexuízos económicos por 170 millóns de euros. Segundo informou o FROB, as operacións investigadas facían referencia ao financiamento e refinanciamento para a adquisición de inmobles ou participacións en sociedades, renegociacións de préstamos con redución de garantías e operacións de cancelación de débedas. “En xeral, operacións que deron lugar a importantes perdas para as entidades e presentan indicios de irregularidade ou non responden a unha finalidade económica lóxica”, resume o FROB, que tamén anuncia que continúan coa análise dos diversos informes que lle están sendo remitidos polas entidades nas que ten participación no capital, no marco do Protocolo de actuacións xudiciais aprobado pola Comisión Rectora

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:00
Nº Rexistro: 45534
Data envío: 15/01/2016 13:00:31.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-*Coñece a Xunta de Galiza as diversas irregularidades mencionadas que afectan ás caixas galegas?*

-*Que valoración realiza a Xunta de Galiza destas irregularidades?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 14/01/2016 18:57:24**

**María do Carme Adán Villamarín na data 14/01/2016 18:57:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:02
Nº Rexistro: 45536
Data envío: 15/01/2016 13:02:48.477

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á venta da carteira industrial de Abanca.

Nos últimos anos estase producindo unha constante perda da propiedade galega de empresas ou o traslado dos seus centros de decisión fóra de Galiza. Ademais moitas destas empresas operaban en sectores económicos estratéxicos para o país. O último caso é o do operador de telecomunicacións "R", despois da adquisición da totalidade das súas accións pola  compañía vasca Euskaltel. Así, tanto a parte de Abanca, que posuía unha participación do 30% no capital de R, como o restante 70%, en mans dende 2010  do fondo británico CVC, foron adquiridos polo operador vasco.

A compra de R Cable por Euskaltel e a previsíbel fusión posterior con Telecable dará lugar a un único operador de cable, co conseguinte risco  de despedimentos no cadro de persoal e o posíbel traslado a fóra de Galiza da sede social situada na Coruña.

É particularmente preocupante o papel de Abanca nesta operación. Dende a venda da antiga Novagalicia Banco a Banesco, a nova entidade levou a cabo una estratexia de desprendemento da súa carteira industrial. Así, Abanca no ano 2014 desfíxose de participacións en empresas como Tavex, Adolfo Domínguez, Inversora de Hoteles Vacacionales, Galega de Economía Social ou Sistemas Energéticos de Ortegal, entre outras, sendo a venta da súa participación en R o último episodio desta estratexia.

Compre recordar que Abanca nace da privatización de Novagalicia Banco (NCG), un proceso que rematou en decembro de 2013, malia que existía de prazo ate o

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2017 para levar a cabo a venta da mesma. A venda de NCG produciuse apresuradamente a instancias da consultora McKinsey, que sinalou o desinvestimento acelerado como a mellor estratexia posíbel, pois segundo esta consultora demorar a venda podería erosionar significativamente o valor da entidade.

Porén, unha entidade vendida polo FROB por apenas mil millóns de euros, obtivo no seu primeiro ano de operacións un beneficio de 1.157 millóns, contradicindo rotundamente a previsión contida no informe no que se baseou o FROB para a súa venta. A estratexia dos novos propietarios de desprenderse da súa carteira industrial é un dato máis que amosa que a venta de Novagalicia Banco foi unha operación ruinosa para Galiza.

Por todo o devandito formúlase a seguinte Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª, relativa á venta da carteira industrial de Abanca.

*-Que valoración realiza a Xunta de Galiza da estratexia de desprendemento da súa carteira industrial por parte de Abanca?*

*-Que repercusións cree que terá esta estratexia para o conxunto da economía galega e nomeadamente o seu desenvolvemento empresarial?*

*-Que valoración realiza a Xunta de Galiza da venta da operadora R Cable a Euskaltel?*

*-Non considera a Xunta de Galiza que o cambio de accionariado da operadora R Cable pode supor despedimentos no cadro de persoal e incluso o traslado a fóra de Galiza da sede social situada na Coruña?*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:02
Nº Rexistro: 45536
Data envio: 15/01/2016 13:02:48.477

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*-Realizou a Xunta de Galiza algunha acción para manter a participación de Abanca en R?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 11:31:10**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:14
Nº Rexistro: 45542
Data envio: 15/01/2016 13:14:52.597

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova EU espazo ecosocialista galego equo

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández, Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan M. Fajardo Recouso,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión,** relacionada coa plantilla do centro de saúde de Rianxo.

A merma de persoal na atención primaria supón unha merma equivalente na calidade asistencial e polo tanto, no dereito á protección da saúde da cidadanía. A redución dos planteis existentes sumado á paralización do Plan de mellora da atención primaria teñen significado un evidente retroceso. Retroceso que é, se cadra, aínda máis inadmisible cando falamos da infancia, xa que esta, debera merecer especial protección por parte dos poderes públicos.

A estas reducións de persoal súmanse a non cobertura de baixas, permisos e vacacións de xeito habitual. Situación especialmente lesiva no caso das categorías que só contan con un ou unha profesional nun centro, xa que, pola vía dos feitos queda suspendido o servizo ata que a persoa titular se incorpore.

Isto é o que ven sucedendo de xeito normalizado co servizo de pediatría do Centro de Saúde de Rianxo. O único profesional non é sustituído cando desfruta dos permisos regulamentados, xerando situacións de desprotección nas que durante días e mesmo semanas non hai servizo de pediatría no centro.

Por outra banda, o conxunto das anpas, pais e nais, veñen de denunciar que a esta non cobertura de permisos súmase un exceso habitual no cupo de tarxetas adscritas a este pediatra, feito que incrementa máis o problema.

Ante estes feitos, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Pregunta para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:14
Nº Rexistro: 45542
Data envío: 15/01/2016 13:14:52.597

1.- Que ratio poboacional considera a Consellería aceptable para a pediatría de atención primaria?

2.- Pensan estudar a incorporación dun novo ou dunha nova pediatra no Centro de Saúde de Rianxo a xornada completa ou parcial?

3.- Reuniuse a Xunta de Galicia coas anpas, cos pais e nais, para tratar a problemática denunciada? Teñen pensado facelo?

4.- Como xustifican a non cobertura do pediatra durante os seus permisos tendo en conta que é o único do centro?

5.- Vai a Consellería de Sanidade sustituir estes permisos para evitar unha merma no dereito á protección da saúde da poboación infantil de Rianxo?

6.- Coñece a Xunta de Galicia a ausencia de medios públicos para desprazarse a Boiro dende Rianxo e o custe económico que pode supor para as familias?

Compostela, 14 de xaneiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 15/01/2016 13:14:00**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/01/2016 13:14:08**

**Anton Sánchez García na data 15/01/2016 13:14:11**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/01/2016 13:14:14**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/01/2016 13:14:18**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/01/2016 13:14:20**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:16
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 15/01/2016 13:16:21.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos**, relativa á investigación de Sepbac sobre a situación actual de Abanca.

O pasado ano un medio de comunicación recollía que o Servizo de prevención de Blanqueo de Capitais (Sepbac) dependente do Ministerio de Economía e formado por inspectores do Banco de España, tiña como actuación prioritaria a investigación da situación actual de Abanca.

Segundo as mesmas fontes, Juan Manuel Veiga, o Director Xeral da institución que persegue os delitos monetarios, pediu unha reunión co responsábel da área xurídica de Abanca e secretario do Consello, José Eduardo Alvarez Naveiro, para lle trasladar que o banco converteuse en obxectivo prioritario para a unidade de delincuencia financeira. O secretario do consello de Abanca recibiu ordes do Sepblac de extremar os sistemas internos de control de riscos relacionados con posíbeis clientes sospeitosos e reiteroulle que o banco era obxectivo “prioritario”. O organismo informoulle que tiña sospeitas de que a través de Abanca poderían coarse en España operacións de procedencia ilícita de clientes latinoamericanos, a imaxe e semellanza do que aconteceu co Banco Madrid.

A nova xornalística tamén sinalaba que o organismo dependente do Ministerio de Economía informou a Álvarez Naveiro de que unha das súas preocupacións era “a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:16
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 15/01/2016 13:16:21.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propiedade" do banco, en clara referencia ao accionista maioritario, titular do 88% das accións da entidade, Juan Carlos Escotet.

Hai que ter en conta tamén que Banesco lanzou en outubro de 2014 unha emisión de bonos por 269,6 millóns de euros convertíbeis obrigatoriamente en accións de Abanca no momento no que a entidade saíse a bolsa. Estes bonos foron subscritos por "inversores cualificados", entre os que se inclúen algúns vinculados xa ao holding hispano-venezolano. O interese que se pagou foi do 10%, ampliable ao 11%, se finalmente non se facía a oferta pública de accións, e teñen o seu vencemento no 2019.

O diferencial é o habitual que se paga para compañías de alto risco, perfil que non se adaptaba á garantía que ofrecían as accións de Abanca, unha entidade que foi nacionalizada, e o seu balance limpado das operacións máis dubidosas e cun dos mellores niveis de solvencia, segundo consta nos últimos test de estrés realizados polo Banco Central Europeo (BCE). É dicir, Banesco pagou moito interese aos investidores. A entidade que actuou como coordinadora dos bonistas foi Structuerd Finance Management Spain, unha filial de SFM European Holding Limited, sociedade con domicilio fiscal en Irlanda, e que segundo a súa propia páxina web corporativa non está regulada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV).

Por todas estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, relativas á investigación de Sepbac sobre a situación actual de Abanca:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:16
Nº Rexistro: 45543
Data envío: 15/01/2016 13:16:21.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*-Ten coñecemento a Xunta de Galiza do feito de que Abanca sexa obxectivo prioritario das investigacións de Sepblac?*

*-Que valoración realiza a Xunta de Galiza de que Abanca sexa obxectivo prioritario das investigacións de Sepblac?*

*-Considera a Xunta de Galiza que os xuros pagados pola emisión de Banesco de bonos convertíbeis en accións de Abanca foron excesivamente altos?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 10:29:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:17
Nº Rexistro: 45547
Data envío: 15/01/2016 13:17:16.721

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo** e **María Quintas Alvarez**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG 79 do 25 de abril de 2014, establece que a Xunta de Galicia distará as disposicións necesarias para o desenvolvemento da mesma.

Esta lei,que para as persoas LGTBI,supón un importante paso cara á súa visibilización e normalización, contén importantes ferramentas de impulso das administracións públicas, medios de comunicación e sociedade en xeral que deben ser postas en marcha para non xerar frustración. De aí a necesidade de que o Goberno de Galicia se comprometa a fondo co seu desenvolvemento e co diálogo e a participación coas persoas e organizacións LGTBI de Galicia para aplicar dita lei.

A pesares do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a cotío nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

A piques de celebrarse o segundo aniversario da súa promulgación non coñecemos ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Xa no pasado ano amosamos a nosa preocupación por esta desidia, e a pesares de que o grupo maioritario da Cámara volveu a votar a favor do seu impulso non temos ata día de hoxe noticia algunha disto, polo que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que xestións está realizando o Goberno de Galicia para o cumprimento efectivo do establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI?
2. Existe algún proxecto de desenvolvemento regulamentario desta lei? Si é así, en que consiste?
3. Está aberto algún proceso de diálogo e participación das persoas LGTBI e outras institucións, como os concellos, para o desenvolvemento desta lei? Si é así, a través de que órganos ou organizacións?
4. Cando considera o Goberno de Galicia que estarán preparadas as disposicións regulamentarias que permitan a implementación efectiva desta lei?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 15/01/2016 13:11:57**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 15/01/2016 13:12:03**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 15/01/2016 13:12:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:35
Nº Rexistro: 45553
Data envío: 15/01/2016 13:35:02.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a actuación gobernativa contra os/as pequenos/as aforradores/as estafados pola subscrición de participacións preferentes.

Dende o inicio das mobilizacións, persoas pertencentes ás Plataformas de Afectados/as polas Participacións Preferentes están sendo reiteradamente sancionadas pola súa participación en protestas cidadáns, nas que esixen unha solución xusta para os miles de pequenos/as aforradores/as galegos/as vítimas desta estafa.

Son múltiples as evidencias de que estamos ante unha actuación abusiva, que non procura outra cousa que converter este conflito social nunha simple cuestión de orde pública, procurando evitar que os/as afectados/as exerzan o seu dereito de manifestación e á libre expresión e reunión pública.

Así, mentres as denuncias efectuadas por vía xudicial están sendo arquivadas ao non apreciarse ningún indicio de comisión de faltas, e moitos menos de feitos delituosos, prosigue e intensifícase a campaña de apertura de expedientes administrativos contra os/as integrantes deste colectivo.

Tan só na provincia de Pontevedra as sancións suman xa máis de 20.000 Euros. Trátase de sancións manifestamente arbitrarias e inxustas que só poden ser entendidas como un intento das autoridades gobernativas de amedrentar ao colectivo e coaccionar a estas persoas para que cesen nas súas protestas pacíficas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:35
Nº Rexistro: 45553
Data envío: 15/01/2016 13:35:02.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o devandito, formúlanse as seguintes **Preguntas para a súa resposta oral en Comisión**, relativas á actuación gobernativa contra os/as pequenos/as aforradores/as estafados pola subscrición de participacións preferentes.

*-É coñecedora a Xunta de Galiza de que persoas pertencentes ás Plataformas de Afectados/as polas Participacións Preferentes están sendo reiteradamente sancionados/as pola súa participación en protestas cidadáns nas que esixen unha solución xusta para os miles de pequenos/as aforradores/as galegos/as vítimas desta estafa?*

*-Sabe que tan só na provincia de Pontevedra as sancións suman xa máis de 20.000 Euros?*

*-Non considera a Xunta de Galiza que estamos ante unha actuación abusiva, que non procura outra cousa que converter este conflito social nunha simple cuestión de orde pública, senon evitar que os/as afectados/as exerzan o seu dereito de manifestación e á libre expresión e reunión pública?*

*-Vai esixir a Xunta de Galiza ao delegado do Goberno Central en Galiza, aos subdelegados do Goberno Central nas provincias galegas e ao Ministerio de Interior, que cesen na campaña de persecución ás persoas estafadas pola subscrición de participacións preferentes por participaren en protestas cidadáns esixindo unha solución xusta?*

*-Vai demandar a retirada inmediata das sancións aos/ás integrantes deste colectivo?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:35
Nº Rexistro: 45553
Data envio: 15/01/2016 13:35:02.699

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 13:30:37**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45556
Data envío: 15/01/2016 13:40:33.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos** relativa ao proceso de venda de Novagalicia Banco.

A privatización de Novagalicia Banco (NCG) rematou en decembro de 2013, a pesares de que existía prazo ate o 2017 para levar a cabo o proceso. Tendo en conta esta limitación temporal imposta no plan de resolución da entidade, o Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria (FROB) debía decidir cal era a mellor estratexia para a venda da entidade. Así, o 25 de marzo de 2013, a Comisión Rectora do FROB adxudicou mediante licitación á consultora internacional McKinsey, en colaboración co banco de investimento Nomura, o proxecto para a realización dun informe no que se describisen e valorasen as diferentes estratexias de xestión das entidades participadas polo FROB, incluída NCG. Segundo afirma o propio goberno do Estado, para o caso de NCG, McKinsey sinalou o desinvestimento acelerado como a mellor estratexia posíbel, dado que esperar ao ano 2015 podería erosionar significativamente o valor da entidade. Segundo o informe da consultora, esta estratexia permitiría obter o mellor prezo de venda pola entidade, ao evitar que a súa valoración seguise deteriorándose.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45556
Data envío: 15/01/2016 13:40:33.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, chegados ao 2015 observamos como unha entidade vendida polo FROB por apenas mil millóns de euros, acaba de obter no seu primeiro ano de operacións un beneficio de 1.157 millóns de euros. Xa que logo, os feitos contradín rotundamente a previsión contida no informe no que se baseou o FROB para a posta en venta da entidade. Lonxe de perder valor, a entidade tivo uns resultados excelentes no ano no que o citado informe aventuraba unha depreciación dos seus activos.

O BNG demandou en numerosas ocasión que o FROB paralizase inmediatamente o proceso de venda de NGB a fin de o converter nunha entidade de crédito pública e galega, porén o resultado final foi ben distinto. As arcas públicas investiron máis de 9.000 millóns de euros de diñeiro de todos e todas a contribuíntes públicos, para posteriormente vender de xeito apresurado a entidade, o que tivo como resultado que os beneficios de Abanca soamente no seu primeiro ano de existencia sexan maiores que o que Banesco terá pagar pola entidade.

Por todas estas razóns formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos:

-*Considera a Xunta de Galiza atinadas as recomendacións sobre a venta de NGB do Informe realizado pola consultora internacional McKinsey?*

-*Considera a Xunta de Galiza que o FROB se precipitou ao acelerar a venda de Nova Galicia Banco?*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45556
Data envio: 15/01/2016 13:40:33.619

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*-Coñecidos os custos do seu saneamento para as arcas públicas e os beneficios que está a xerar a nova entidade bancaria, Abanca, cal é a valoración do Goberno sobre o proceso de venta de Novagalicia Banco ao grupo venezolano Banesco?*

*-Ten previsto a Xunta de Galiza solicitar do goberno do Estado o Informe realizado pola consultora McKinsey?*

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 11:08:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:48
Nº Rexistro: 45559
Data envío: 15/01/2016 13:48:25.678

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á perda de galeguidade de empresas.

A perda de galeguidade na propiedade das principais empresas de Galiza estase a acelerar nos últimos anos, coincidindo coa venta das entidades crediticias galegas a bancos foráneos. Os exemplos máis significativos son os seguintes:

- No ano 2010 Darty (Francia) compra San Luis, abandonando tres anos despois o mercado galego.
- En 2011, Citic Group (China) compra Gándara Censa.
- En 2013 Pemex compra o 51% de Barreras. Na actualidade diversas informacións xornalísticas apuntan a que a multinacional China Sonangol, de capital chinés e angolano, lanzou unha oferta para facerse coa totalidade do estaleiro vigués. Esta mesma multinacional ven de facerse no presente ano co control do estaleiro Metalships & Docks (Vigo), do grupo Rodman.
- En 2014 Pescanova vende varias das súas filiais, como Nova Austral, Acuinova Chile ou Pesca Chile.

Os últimos episodios son o traslado a Madrid  da sede social de Zeltia, tras a súa absorción por parte da súa filial PharmaMar, e a venta de R Cable (propiedade ate agora do fondo CVC Capital Partners nun 70% e de Abanca nun 30%) a Euskaltel, o que pode supor o traslado da sede social dende A Coruña a Euskadi.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:48
Nº Rexistro: 45559
Data envío: 15/01/2016 13:48:25.678

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Especial mención, pola súa incidencia neste proceso, merece a perda de galeguidade no sector financeiro. O Banco Pastor foi absorbido polo Banco Popular en 2011. No ano 2013 Banesco faise coa maioría do accionariado do Banco Etxeberría. Neste mesmo ano, o Banco Sabadell compra o Banco Gallego, e, finalmente, as caixas galegas, despois da súa fusión e bancarización, son vendidas a prezo de saldo a Banesco, de capital venezolano, dando lugar a Abanca.

Por todo o devandito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza do proceso de perda de galeguidade de numerosas empresas galegas?

-Considera que este proceso está relacionado coa falta de institucións financeiras galegas?

-Levou a cabo a Xunta de Galiza algunha iniciativa para frear o proceso de perda de galeguidade das nosas empresas?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:48
Nº Rexistro: 45559
Data envio: 15/01/2016 13:48:25.678

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 11:11:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:57
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 15/01/2016 13:57:49.909



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Emilio Vázquez Blanco** e **Ricardo Vicente Docasar Docasar**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Decreto 158/2014 do 27 de novembro de 2014 aprobou a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. Entendemos, loxicamente, que esta delimitación tivo que apoiarse en amplos estudos históricos, toponímicos e cartográficos entre outros.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que estudos e informes se levaron a cabo para delimitar o Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa?
2. Que empresa realizou estes estudos e informes?
3. Quen firmou o informe final que serviu de base a delimitación do citado camiño?
4. Que equipo técnico realizou estes traballo?
5. Que formación académica tiña cada un dos membros deste equipo técnico?
6. A través de que procedemento público de contratación adxudicou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a realización destes estudos?
7. Que prezo tiveron estes traballos?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.:Concepción Burgo López
Emilio Vázquez Blanco
Ricardo Vicente Docasar Docasar
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2016 13:57
Nº Rexistro: 45566
Data envío: 15/01/2016 13:57:49.909





**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 15/01/2016 13:56:09**

**Emilio Vázquez Blanco na data 15/01/2016 13:56:15**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 15/01/2016 13:56:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45573
Data envío: 15/01/2016 17:37:14.511

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**María do Carme Adán Villamarín** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Despois da recente sentenza do TSXG sobe o cobro de impostos aos parques eólicos formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

"Cal é a valoración na actualidade do goberno galego sobre equiparación dos muíños de vento a unha concesión administrativa?"

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**
Deputada do G.P. do BNG
**Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45573
Data envio: 15/01/2016 17:37:14.511

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/01/2016 17:34:23**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/01/2016 17:34:32**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45569
Data envío: 15/01/2016 17:03:18.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín** e **Cosme Pombo Rodríguez**,deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás discriminacións denunciadas por FOANPAS.

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo veñen reivindicando que "a homofobia, a transfobia e todo tipo de discriminación" sexan eliminados do sistema educativo e avogan por "unha educación inclusiva que garanta o benestar de todos os cativos e cativas".

Dada a importancia deste tema e a aprobación durante esta lexislatura da "Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia" consideramos necesario presentar as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que medidas foron adoptadas polo goberno galego para desenvolver esta lei no ámbito educativo?

2. Que coñecemento ten o goberno galego das discriminacións denunciadas por FOANPAS?

3. Que medidas adoptou o goberno para unha verdadeira educación inclusiva?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 09:30
Nº Rexistro: 45569
Data envio: 15/01/2016 17:03:18.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Cosme Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/01/2016 16:58:06**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 15/01/2016 16:58:12**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Vidal Martínez-Sierra López, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Jackeline Fernández Macías, Angel Camino Copa** e **Santiago Freire Abeijón,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicaba o pasado 30 de decembro de 2015 unha batería de axudas e subvencións en defensa e apoio do sector forestal galego e dos profesionais e industrias que desenvolven a súa actividade no ámbito dos aproveitamentos do monte.

Entre elas inclúense axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). Tamén aqueles apoios a investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais. E, finalmente, subvencións dirixidas ao o fomento da silvicultura en bosques no medio rural.

Cómpre lembrar que Galicia é unha das máis importantes potencias forestais española e europea, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de todo o seu territorio. Pola súa parte, a facturación conxunta da industria de transformación da madeira supera en Galicia os 1.600 millóns de euros anuais, proporciona emprego directo a máis de 22.700 traballadores e constitúe un dos sectores industriais que maior emprego xera na nosa Comunidade.

O desenvolvemento rural de Galicia, o seu presente e futuro, pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión que valorice o noso potencial forestal dende o punto de vista socioeconómico e ambiental e para o que resultan imprescindibles estes apoios que o Goberno galego materializa nas distintas liñas de axuda.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- A canto ascenden os orzamentos destinados a cada unha destas liñas de axuda?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 11:09
Nº Rexistro: 45580
Data envío: 18/01/2016 11:09:37.548

2.- Quen son os potencias beneficiarios destas destes apoios?

3.- Cales son os obxectivos principais perseguidos por cada unha destas liñas de axuda?

4.- Que valoración fai o Goberno galego sobre o potencial forestal da nosa terra e, moi en particular, sobre a incidencia que no mesmo terán as liñas de apoio aprobadas?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2016 11:06:01**

**María Isabel García Pacín na data 18/01/2016 11:06:14**

**Vidal Martínez-Sierra López na data 18/01/2016 11:06:22**

**Rosa Oubiña Solla na data 18/01/2016 11:06:29**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 18/01/2016 11:06:35**

**Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 18/01/2016 11:06:47**

**Angel Camino Copa na data 18/01/2016 11:07:05**

**José Santiago Freire Abeijón na data 18/01/2016 11:07:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 12:37
Nº Rexistro: 45599
Data envío: 18/01/2016 12:37:39.186





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte, Raúl Fernández Fernández e Pablo García García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión permanente non lexislativa para Asuntos Europeos.**

O pasado 11 de setembro de 2014 publicouse no DOUE a convocatoria de axudas do mecanismo Conectar Europa (CEF) para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte.

O mecanismo Conectar Europa (CEF) conta con dous programas, un denominado multianual para o período 2014-2020 dotado con 7.000 millóns de euros e outro anual, para actuacións que se desenvolverán nos tres anos seguintes á súa data de aprobación, que conta cunha dotación de 930 millóns de euros.

A estas convocatorias do CEF podían presentarse institucións ou empresas establecidas en calquera dos países da Unión Europea, ben de maneira individual ou en grupo, así como determinadas organizacións internacionais relacionadas co sector das infraestruturas e o transporte.

O pasado 26 de febreiro de 2015 concluía o prazo para a presentación de proxectos no marco da convocatoria de axudas para o financiamento de proxectos destinados a mellorar as conexións europeas de transporte, para financiar proxectos no contexto dos grandes corredores incluídos nas redes transeuropeas.

Unha vez revisada a proposta de selección de proxectos publicada o pasado mes de xullo pola Comisión Europea, puidemos constatar que a Xunta de Galicia non figura como beneficiario de fondos nesta convocatoria.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulamos as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

1.ª) Presentou a Xunta de Galicia algún proxecto nesta convocatoria?

2.ª) En caso afirmativo, podería sinalar de qué proxectos se trata e cales eran os seus obxectivos?

3.ª) No caso de non participar nesta convocatoria, cales foron os motivos que levaron a Xunta de Galicia a tomar esta decisión?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Raúl Fernández Fernández
Pablo García García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodriguez na data 18/01/2016 11:47:13**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 18/01/2016 11:47:20**

**Raúl Fernández Fernández na data 18/01/2016 11:47:26**

**Pablo García García na data 18/01/2016 11:47:38**

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova
equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Eva Solla Fernández, Xabier Ron Fernández**, **Xosé Manuel Beiras Torrado, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García** e **Ramón Vázquez Díaz,** membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA),** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión V,** relativa a situación de desprotección social das persoas traballadoras en paro.

As máis de trinta normas en forma de leis e decretos leis contrarreformando o mercado laboral aprobadas polo goberno de Mariano Rajoy acentuaron ate o paroxismo a precariedade, a rebaixa salarial e a perda de dereitos das clases traballadoras, sen evitar a destrución de emprego e a falla de protección social para as persoas traballadoras no paro.

Cos datos do paro recollidos pola EPA do 3º trimestre do 2015, Galicia ten 162.935 persoas traballadoras en paro que non reciben ningunha prestación. Desa maneira, a taxa de protección sitúase no 26,8%, case doce puntos porcentuais menos que hai catro anos, no terceiro trimestre do 2011. Esa taxa de protección nas mulleres é inferior á dos homes en 8,7 puntos adicionais, ao punto que máis de oitenta e sete mil mulleres non reciben unha prestación. A desprotección social medra conforme a idade das persoas é máis nova: entre as persoas xóvenes menores de 30 anos só unha de cada quince percibe unha prestación, o 6,5%.

De se manter a mesma proporción de persoas en paro con prestación de hai catro anos, algo máis de 31.000 persoas recibirían hoxe unha axuda, a cal resulta fundamental para unha persoa traballadora cando se perde o posto de traballo a causa dunha crise-estafa multiplicada pola política austericida dos gobernos do PP.

A moi baixa taxa de protección ten dúas relacións causais básicas: a enorme taxa de temporalidade do mercado laboral no que a acelerada rotación para postos de traballo que en non poucos casos son estruturais impide acumulat períodos de cotización mínimos para acceder ás prestacións por desemprego; de resultas a maior temporalidade menor protección por desemprego. O gran incremento do paro de longa duración con taxas moi altas para as franxas de persoas que levan máis de 2 anos e máis de 4 anos no paro.

Así a Xunta de Galicia cometeu, nestes sete anos de goberno Núñez Feijóo, un delito social contra as persoas traballadoras en paro, un dos colectivos máis agredidos polos recortes. Logo dun setenio de vacas fracas, os gobernos Núñez Feijóo, foron quen de reducir un 51% os recursos adicados ás políticas activas de emprego, ao pasar de 420,9 a 205,4 millóns de euros. Así o programa 322-B destinado á intermediación e inserción laboral desapareceu, algo incrible nun país castigado polo paro como o noso.

O sistema de protección por desemprego é ineficaz e inxusto porque non serve ao seu obxectivo de protexer ás persoas no paro en situación de crise e recesión como as que vimos de sufrir. Lonxe de atender á necesaria ampliación o grao de cobertura xeral do sistema, os sucesivos gobernos –enfeudados a troika- non foron alén de pequenas actuacións temporais de carácter meramente asistencial.

Os gobernos do PP teñen atacado tanto ás políticas activas como as pasivas, ás referidas á protección. Ataques de clase porque a perda do posto de traballo supón o risco para unha persoa traballadora de caer baixo o limiar da pobreza e entrar nos procesos de exclusión social. Para impedir esa secuencia cómpre unha actuación alternativa da Xunta tanto no que atinxe ás políticas activas de emprego canto na protección social de maneira que as persoas non resten sometidas ao imperio tiránico e atroz do cálculo egoísta das forzas do mercado cuxa expresión son a pobreza e a exclusión social.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Vai desenvolver a Xunta de Galicia unha renda social extraordinaria para atender a todas as persoas traballadoras en paro sen dereito á prestación?

- Contempla a Xunta de galicia instar do goberno central a ampliación do ámbito subxectivo da prestación de maneira que ningunha persoa rexistrada no paro reste sen dereito a unha prestación, cuxa contía e duración terá que ser digna para atender ás necesidades básicas da persoa?

- Vai propoñer o goberno galego ao seu homólogo estatal que mellore a protección por desemprego ás persoas paradas que non teñan outra renda e, en particular, ás mulleres en paro con cargas familiares e ás persoas maiores de 45 anos?

- Sosterá a Xunta diante do goberno central a aprobación da medida que permita acumular todos os períodos de paro xerados e non gastados ao longo da vida laboral?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 12:57
Nº Rexistro: 45610
Data envío: 18/01/2016 12:57:44.897

En Compostela, a 18 de xaneiro do 2016.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 18/01/2016 12:55:06**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 18/01/2016 12:55:12**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 18/01/2016 12:55:17**

**Anton Sánchez García na data 18/01/2016 12:55:19**

**Ramón Vázquez Díaz na data 18/01/2016 12:55:21**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 18/01/2016 12:55:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 13:03
Nº Rexistro: 45613
Data envio: 18/01/2016 13:03:08.926

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

**Consuelo Martínez García**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar Mixto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa contestación na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A grave situación pola que atravesa o sector naval na ría de Ferrol segue, logo de máis de tres décadas, nun proceso de progresivo desmantelamento, sendo un dos elementos que máis está a contribuír ás elevadas taxas de desemprego, emigración e índices de emerxencia social e pobreza no entorno dos concellos da comarca.

Esta aguda crise que están  vivir os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, è motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A evolución da construción naval a nivel mundial, as oportunidades que ofrece un complexo como os estaleiros situados na ría e a capacidade demostrada capacidade dos mesmos esixen decisións políticas que sitúen o naval como sector estratéxico para a economía galega.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Que iniciativas está a desenvolver a Xunta de Galaica para que os estaleiros da ría de Ferrol aborden todos os ámbitos da construción

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 13:03
Nº Rexistro: 45613
Data envío: 18/01/2016 13:03:08.926

naval: civil, militar, reparacións, fabricación de bens de equipa, potenciación de turbinas, off-shore, eólica mariña, ...?

- Dará cumprimento á Lei do Sector Naval de Galicia, procedendo á inmediata incorporación da Xunta de Galicia ao Consello de Administración de Navantia?.
- Negociará coa representación legal dos traballadores e traballadoras de Navantia-Galiza un Plan de futuro que asegure a sustentabilidade da compañía e o seu reforzamento a longo prazo?.
- Impulsará colaboracións coas Universidades e centros de FP para a formación da mocidade que garanta a incorporación da mesma aos centros de Navantia Fene e Ferrol para dotar os mesmos de persoal suficiente e coa formación necesaria para afrontar calquera tipo de proxecto, evitando a amortización de postos de traballo e ou empeorar as condicións laborais ou minguar a capacidade de produción?.
- Esixirá a Navantia o cumprimento da súa obriga de vixilancia das condicións sociolaborais da industria auxiliar?.
- Esixirá de Navantia a capitalización e posta en marcha dun Plan de investimentos que modernice os estaleiros públicos galegos e potencie a I+D+i en todas as súas áreas?.
- Esixirá de Navantia unha nova estrutura organizativa que permita a descentralización da xestión e toma de decisións, especialmente nas áreas estratéxicas de enxeñería e nos departamentos de compras/aprovisionamentos e comercial?.
- Esixirá de Navantia un reparto non discriminatorio na carga de traballo do grupo, que teña en conta as capacidades dos estaleiros galegos unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 13:03
Nº Rexistro: 45613
Data envío: 18/01/2016 13:03:08.926

vez rematado o veto, así como o contexto de desemprego existente nos concellos da comarca?.

- Esixirá de Navantia a inmediata dotación de carga de traballo aos estaleiros de Fene e Ferrol, garantindo a construción de dous petroleiros?.
- Esixirá de Navantia que proceda á inmediata dotación no estaleiro de Fene de persoal suficiente de xestión, técnico e produtivo que posibilite a volta inmediata á construción civil e a plena rendibilidade das instalacións?.
- Vai a Xunta de Galicia a esixir do goberno do Estado a presentación con carácter de urxencia do proxecto do dique e o seu orzamento, incluíndo o financiamento e axudas públicas admisibles, tanto do Estado como da Xunta, e o seu posterior traslado á Comisión Europea?
- Defenderá o mantemento baixo titularidade pública o centros de traballo de Navantia na Ría de Ferrol, defendendo a súa actividade como sector estratéxico para Galiza?.

Pazo do Parlamento, a 18 de xaneiro de 2016

*Asdo.: Consuelo Martínez García*
*Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

***Asinado dixitalmente por:***

***María Consuelo Martínez García na data 18/01/2016 13:02:40***

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 16:30
Nº Rexistro: 45630
Data envío: 18/01/2016 16:26:24.145

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

## Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu tratamento na **Comisión Non Lexislativa para Asuntos Europeos,** relativa a saber que xestións diplomáticas desenvolveu a Xunta de Galiza para derrogar o Acordo de Schengen para posibilitar a libre circulación dos cidadáns do mundo por territorio europeo.

Estase a producir un acontecemento dunhas consecuencias inimaxinables dende o xenocidio da II Guerra Mundial. Milleiros de persoas que escapan da miseria ou da guerra van cara ao norte en busca dun lugar sen conflitos onde poder reiniciar a súa vida con algunha esperanza. Proceden de países empobrecidos, onde cada maña aparecen nos medios de comunicación pola destrución do seu territorio e polos mortos que se levan producindo.

Países como Siria, Libia, Afganistán, Iraq, etc., que amañecen coas vivendas bombardeadas, e ringleiras de camiñantes nunhas condicións humillantes en busca dunha nova oportunidade, que creen poder encontrar na vella Europa pero que esta a rexeita, dándolle coa porta nos fociños, como si non fose con ela, como si non tivese ningún tipo de responsabilidade, cando todos sabemos que forma parte do denominado bloque occidental, que é quen condiciona, respalda, financia, arma e asesora a unha das partes en litixio coa única finalidade de modificar o modelo de goberno imperante neses países e acercalos a modelos que se inscriban dentro da órbita da xeopolítica occidental.

Como todo na vida, son nos momentos difíciles cando coñeces a verdadeira faciana dos valores que sustentan á humanidade, neste caso o verdadeiro rostro dunha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 16:30
Nº Rexistro: 45630
Data envío: 18/01/2016 16:26:24.145

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

UE impasible, comprobando nas nosas propias vidas, nos medios de comunicación e nas mensaxes dos nosos dirixentes execrables comportamentos que se negan a recoñecer, denunciar e axudar para por medios e solucións a que isto se pare, se reconduza e paliar no posible tanto sufrimento.

Non é novo este comportamento por parte deste modelo parlamentario burgués. Non é nova a carencia dunha política exterior pensada para as persoas, que respecte e colabore cos pobos do mundo e fomente a cooperación e a paz. Nunca o encontramos na denuncia do verdadeiro apartheid do sionismo israelí con Palestina, na guerra desenvolvida polo Fronte da Conquista en Siria que reúne a milicianos de Al Qaeda, Ahrar el Sham e outra variada gama de grupos que son apoiados por Arabia Saudí, Turquía e Qatar, nin na guerra do Golfo, nin de Libia, etc., avergonzándonos de ser uns satélites dos intereses e da política xeo-estratéxica dos Estado Unidos de América.

Esta é a faciana máis dura dunha Europa que fai poucos anos recollía estes emigrantes como man de obra barata para desbaratar os dereitos conquistados no mercado e nas relacións laborais e agora despreza, rexeita e anda a ver a quen lle endosa este avalancha de seres humanos en busca dunha oportunidade.

ACNUR calcula que se chegará a uns 3.000 desprazados que diariamente petarán nas portas de Europa. Serbia intenta enfrontar o drama da chegada de máis de 10.000 refuxiados. Hungría no que vai de ano levan máis de 60.000 refuxiados. Cruzan Francia e ansían cruzar o Eurotunel para chegar ao Reino Unido. Son triste noticia estes días os camións cargados de cadáveres que acaban nas cunetas do leste de Austria que non dan chegado ao seu obxectivo de alcanzar o corazón de Europa, os países ricos da Europa dos mercadores.

E mentres isto acontece, os nosos gobernantes están a ver como escorren o vulto: Merkel, Cameron, Hollande... comportándose como monicreques da Troika,

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

argumentando mil e unha escusa para non atender este drama humanitario froito dunha política imposta por Occidente que ten estas consecuencias tan devastadoras.

As organizacións humanitarias están a denunciar as condicións en que son acollidos estas persoas, moitas das cales son familias enteiras que viaxan cos seus fillos. Tamén a situación é crítica no Estado español, no que nin sequera se están cumprindo as condicións de acollida que marca a Directiva da Unión Europea que entrou en vigor en xullo xunto coa de Procedemento de Asilo que entre outras consideracións establece a obrigatoriedade de velar polas condicións materiais de acollida que garanta a súa subsistencia e a protección da saúde física e psíquica con especial atención aos grupos vulnerables. E iso que o Estado unicamente acolle ao 1% dos solicitantes de asilo que chegan a UE sendo o 80% de procedencia siria. Nestes momentos nin sequera é capaz de darlle solución ás 300 persoas que hai en lista de espera dun total de 900 prazas de acollida.

Este é o drama onde os galegos que onte mesmo vivíamos este tipo de situacións non podemos quedarnos parados nin calados e debemos instar aos gobernos, as administración a súa responsabilidade e a tomar medidas para solucionar esta catástrofe. Medidas como as fronteiras, as barreiras de arames con coitelas ou normativas que impiden a libre circulación das persoas contrastan coa liberdade de movementos do capital.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión :

1.- Que medidas impulsou a Xunta de Galiza para colaborar nesta catástrofe humanitaria? Impulsou algunha medida para recoller unha parte deste desprazados? Púxose en colaboración coa UE ou coas organizacións humanitarias para colaborar na solución deste problema na inmediatez en Europa pero tamén nos lugares de orixe?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 16:30
Nº Rexistro: 45630
Data envio: 18/01/2016 16:26:24.145

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

2.- Que xestións diplomáticas se desenvolveron para derrogar o Acordo de Schengen para posibilitar a libre circulación dos cidadáns do mundo por territorio europeo".

3.- Que colaboración mantén coas organizacións humanitarias e europeas para colaborar en materia de voluntariado, alimentación, medicinas, etc, etc.?

4.- Que medidas está a impulsar o Goberno galego para condicionar a xeo-política e que a mesma se fundamente na colaboración, no respecto e no fomento da paz entre todos os pobos do mundo?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 18/01/2016 11:45:57**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 17:19
Nº Rexistro: 45639
Data envío: 18/01/2016 17:19:25.488

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para o seu tratamento na Comisión Non Lexislativa para Asuntos Europeos,** relativa a saber que medidas impulsou a Xunta de Galiza diante da UE para derrogar a actual normativa de etiquetaxe e impulsar un novo modelo de identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que lle de maior información ao consumidor e onde figure como lugar de orixe Galiza.

Estase a producir unha gran distorsión na comercialización dos produtos da pesca e acuicultura dende que tivo lugar a publicación por parte da UE do Regulamento 1379/2013 que establece a OCM (Organización Común de Mercados), onde unha vez máis antepón os dogmas do libre mercado ao dereito de información do consumidor e sobre todo impide que o produto garanta o seu lugar de procedencia, perdendo os nosos produtos o valor da identidade de Galiza.

Así na información do lugar de procedencia encontrámonos con que se utiliza o código FAO, non diferenciando entre unha ameixa ou un berberecho extraído de banco natural das rías galegas do que se cultiva en Portugal, tendo que figurar na etiqueta de ambas capturas FAO 27 (Atlántico Nororiental) que ata decembro do 2014 era todo o que requiría na etiquetaxe.

Na posibilidade de mellorar este modelo de etiquetaxe nocivo para os intereses galegos, o BNG e diversos colectivos sectoriais instamos ao Goberno galego a traballar nun novo modelo e desenvolver a súa capacidade de xestión para mellorar a información da etiquetaxe e defender os intereses da acuicultura e da pesca galega,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 17:19
Nº Rexistro: 45639
Data envío: 18/01/2016 17:19:25.488

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

encontrándonos co rexeitamento sistemático a ditas propostas ou con respostas tan peregrinas como que tanta información non cabía na etiqueta.

O resultado das últimas modificacións é peor do que había, pois seguen mantendo como válido o modelo da listaxe das áreas FAO co cal deben seguir figurando FAO 27 pero ademais debe ir acompañado do nome da “subzona” a que pertence e dun mapa pictograma no que se indique con un punto a zona de orixe.

No caso particular de Galiza, a zona IXa, a zona atlántica, deberá figura a subzona “Augas portuguesas”. E a zona VIIIc, zona cantábrica, deberá figurar “sur do Golfo de Vizcaia”.

Galiza posúe variadas marcas inmateriais como “Marisco de Galicia”, “Mexillón de Galicia”, “Ameixa de Carril”, “Longueirón de Fisterra”, “Berberecho de Noia”, “Chocos de Redondela”... que deste xeito ve como se uniformara cada vez máis a información e a identidade do modelo de produción, da zona de cultivo, da calidade dos produtos galegos son sistematicamente ignorados e ninguneados pola normativa comunitaria pero tamén polo representantes que o PP ten en Bruxelas, en Madrid ou na propia Xunta de Galiza, que en vez de defender o dereito dos nosos mariñeiros a producir e a comercializar con identidade propia sométense aos ditados do mercado e colaboran entusiasticamente coa desaparición dos modelos de produción tradicionais con identidade propia como segue sendo a pesca e a acuicultura en Galiza.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Que medidas impulsou a Xunta de Galiza diante da UE para derrogar a actual normativa de etiquetaxe e impulsar un novo modelo de identificación dos produtos da pesca e da acuicultura que lle de maior información ao consumidor e onde figure como lugar de orixe Galiza?

2.- Comparte que na subzona IXa figure "augas de Portugal" e na VIIIc "sur Golfo de Vizcaia? Que fixo para modificar esta normativa?

3.- Que medidas está a impulsar para por en valor diferentes marcas inmateriais de calidade que posúe o nos País e que axudaría a por en valor os nosos produtos: Ameixa de Carril, Mexillón de Galicia, Marisco Galego, Lingueirón de Fisterra, etc.?

4.- Como pensa diferenciar as ameixas que se extraen das nosas rías das que se importan de Portugal? Pensa impulsar novas DOP, IXP, etc  no marco da pesca e da acuicultura para promocionar o que se extrae ou produce en Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2016 17:19
Nº Rexistro: 45639
Data envio: 18/01/2016 17:19:25.488

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Rodas Chapela na data 18/01/2016 17:18:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 10:30
Nº Rexistro: 45648
Data envío: 19/01/2016 10:30:14.253

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Montserrat Prado Cores,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para o seu tratamento en Comisión,** relativa ás medidas de axuda postas en marcha pola Xunta de Galiza por paralización da actividade por causas que ameacen os recursos biolóxicos mariños.

Vai a producirse a paralización temporal da actividade do marisqueo na Ría de Arousa provocada pola alta mortaldade de diversos moluscos bivalvos e as escasas capturas que se viñan obtendo nos bancos de libre marisqueo. Outro ano calamitoso que se suma aos anteriores dende que no ano 2012 se detectara que o berberecho era barrido polo parasito Martelia cochillia, sen que ata a data a Consellaría teña tomado algunha medida.

É un parasito que ven afectando, na Ría de Arousa entre outros aos bancos sub-litorais dos Lombos do Ulla, O Boído e Cabido, bancos que teñen unha gran capacidade de produción, destacando os Lombos do Ulla onde o berberecho é a especie principal, representando o 23% do total da produción de toda a Ría de Arousa, tendo como especies complementarias a ameixa fina (10%), ameixa xaponesa (20%) e ameixa babosa, que xunto aos bancos do Boído e Cabío representan o corazón da produción marisqueira en Arousa.

O informe técnico elaborado polo CIMA (Centro de Investigacións Mariñas) este ano deixa ben claras cales son as causas que provocaron esta alta mortaldade: a Marteilia e as abundantes chuvias dos anos 2013, 2014. Estas dúas causas provocaron uns escasos recrutamentos dos posteriores anos, o que ocasionou a desaparición do

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

berberecho e a caída das outras capturas, polo que as capturas e os ingresos foron moi inferiores ao de anos anteriores.

Ante esta situación de ameaza grave aos recursos biolóxicos mariños, de escasos ingresos, e pouca rendibilidade da actividade, a Consellaría propón medidas extraordinarias de conservación para o cal propón pechar a actividade marisqueira dende o 18 de xaneiro ata o 11 de marzo, coa finalidade de protexer a rexeneración dos bancos.

Dado que esta medida afecta a viabilidade dunha parte importante do sector, habilitou unha orde de axudas, en réxime de concorrencia competitiva para os armadores e tripulantes afectados por esta medida de conservación.

Esta orde de axudas presenta diversos requisitos que son dende o punto de vista do BNG cuestionables, como o feito de que sexa competitiva, que non teña por finalidade acoller a todos aqueles rañeiros que sofren esta situación, que queden excluídos da mesma as mariscadoras a pé, que a resolución teña un período de seis meses, que o baremo non teña en conta a actividade das artes e si o número de permex, a escasa contía orzamentada, etc.

Con este modelo e se non se remedia é posible que unha parte significativa dos rañeiros ingresen na lista de reserva e que as mariscadoras queden fora da posibilidade de que se lle recoñeza que o problema da mortaldade por Marteilia e riadas é común, sexas rañeiro ou mariscadora.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 10:30
Nº Rexistro: 45648
Data envío: 19/01/2016 10:30:14.253

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados asinantes, a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cales son as causas polas que as medidas de axuda posta en marcha pola Xunta de Galiza por paralización da actividade por causas que ameacen os recursos biolóxicos mariños non inclúen ás mariscadoras a pé e aos mesmos mariscadores a flote que o ano pasado se acolleron a prestación por cese temporal?

2.- Vaise a incrementar o orzamento para estas axudas?. Vaise ter en conta quen precisa esta axuda para que o orzamento se axuste a realidade do sector?

3.- Para un período de tempo tan corto e coa experiencia administrativa tan dilatada, considera aceptable que o período de resolución sexa de 6 meses? E sobre todo, resolver despois do 11 de abril?

4.- No período anterior houbo axuda para o mal tempo e os peches administrativos no mexillón, cunhas condicións moito máis vantaxosas que as actuais (75% FEP). Cal é a razón de que non se desenvolveran axudas para esta finalidade no anterior plan e que posibilidades hai de aumentar a participación do FEP, a ampliación do mesmo e incluso a prórroga?

5.- Que alternativa lle pensa dar ao marisqueo a pé?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro 2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 10:30
Nº Rexistro: 45648
Data envío: 19/01/2016 10:30:14.253

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

**Monserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 18/01/2016 19:15:41**

**Daniel Rodas Chapela na data 18/01/2016 19:15:53**

## Á MESA DO PARLAMENTO

Os deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández,** pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Coma un capítulo máis da globalización do capitalismo pero tamén coma unha estratexia da superpotencia minguante dos EEUU para manter a súa hexemonía mundial nun tempo que se presenta como multipolar, proliferan os tratados de libre comercio en todo o planeta. Tras o Tratado de libre comercio de América do Norte (TLCAN), pioneiro e boa mostra dos pobres beneficios para a parte máis de débil do mesmo, neste caso México, os EEUU ultiman o Acordo de Asociación Transpacífico e o Acordo Transatlántico para o Comercio e o Investimento, coñecido polas súas siglas en inglés como TTIP, entre EEUU e a Unión Europea.

O TTIP comezouse a negociar en 2013 entre os EEUU e a UE. Ten como finalidade a creación da maior zona de libre comercio do planeta. Por parte da Unión Europea está a negociar este tratado, con total falta de transparencia, a Comisión Europea, un organismo non electo democraticamente. O obxectivo é a eliminación de todo tipo de barreiras arancelarias pero tamén sortear calquera tipo de lexislación democrática que impida que as grandes multinacionais poidan facer negocio na área en cuestión.

Para iso, o TTIP pretende homologar as normativas europeas ás norteamericanas, en xeral menos beneficiosas para as maiorías sociais. Isto vai afectar a múltiples campos, desde a calidade dos alimentos ou medicamentos, pasando polos dereitos laborais das clases traballadoras. Un informe dos servizos económicos do Departamento de

Agricultura dos EEUU e filtrado recentemente, baralla tres escenarios posibles tras a aprobación de dito tratado que beneficiarían, sempre, aos EEUU en detrimento de Europa. O sector agrícola europeo, e por tanto un sector estratéxico para Galicia, sairía malparado de se aprobar este tratado.

Así mesmo, este tratado pretende crear unha sorte de sistema xudicial ad hoc, separado dos poderes xudiciais estatais, denominado *Investment Court System,* para que medie entre as empresas multinacionais e os estados e cuxa imparcialidade está posta en entredito. Este mecanismo de xustiza privatizada foi aprobada cos votos da dereita europea e co vergonzoso voto a favor dos socialista. O PSOE, erguéndose coma suposto controlador dos efectos máis perniciosos do TTIP, non ten empacho en defender un acordo cuxo contido é secreto e ao que só se pode acceder de xeito fragmentario, baixo o compromiso de manter a confidencialidade sobre o contido e en condicións que imposibilitan unha correcta fiscalización do mesmo por parte dos deputados e deputadas do Parlamento Europeo, como puido comprobar persoalmente Lidia Senra, eurodeputada de AGE en Europa. Así, tanto o PP coma o PSOE apoian sen fisuras tanto este procedemento antidemocrático coma os seus contidos, que incidirán moi negativamente nos dereitos laborais, servizos públicos, dereitos alimentarios, medio ambiente etc. dos cidadáns da UE.

Ademais do TTIP, a Comisión Europea negocia o CETA con Canadá e o TISA, Acordo sobre o Comercio de Servizos nas súas siglas en inglés, entre a UE e 50 países. A simultaneidade entre a negociación sen luz e taquígrafos destes acordos por parte das elites europeas e o xa sinalado do Pacífico fainos pensar que nos atopamos ante unha ameaza de escala planetaria consistente en separar cada vez máis as decisións políticas dos cidadáns e cidadás, recurrido a superestruturas non escrutadas democraticamente para que o capitalismo do chamado Occidente se asegure a súa hexemonía nun tempo no que outras potencias están a emerxer no globo e todo isto en detrimento das maiorías sociais dos propios países da UE.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 10:54
Nº Rexistro: 45654
Data envío: 19/01/2016 10:54:59.431

1.- Que opina a Xunta de Galiza do TTIP?

2.- Que medidas ten pensado tomar para defender os múltiples sectores económicos galegos que se verán afectados coa aprobación de dito tratado?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 19/01/2016 10:53:27**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 19/01/2016 10:53:35**

**Ramón Vázquez Díaz na data 19/01/2016 10:53:39**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 19/01/2016 10:53:42**

**Eva Solla Fernández na data 19/01/2016 10:53:45**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 19/01/2016 10:53:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 11:11
Nº Rexistro: 45659
Data envío: 19/01/2016 11:11:52.981





## Á Mesa do Parlamento

**Pablo García García**, **Raúl Fernández Fernández** e **José Ramón Val Alonso**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

O ano 2015 foi un ano de profunda crise de prezos do leite percibidos polos produtores e produtoras, esta crise de prezos foi xeral en Europa por motivos xa de sobra analizados, pero foi moito máis profunda en Galicia sen que ata o momento se fixera unha análise por parte do Goberno de cales foron os motivos e sobre todo cales son as solucións a aplicar para que isto non se volva a dar, e os gandeiros e gandeiras galegas perciban un prezo do leite en parámetros similares ó mercado internacional cando menos.

No mes de setembro despois de numerosas protestas por parte dos produtores e produtoras se asinou o "Acordo para sostibilidade do sector lácteo", que para o Goberno galego viña a significar un "fito histórico" e que ía a supor o fin de todas os problemas de prezos que histórica e ciclicamente vén sufrindo este sector.

Tres meses despois os resultados prácticos dese acordo para os produtores e produtoras son practicamente nulos, e algúns aspectos que precisamente atinxen ós compromisos do Goberno están aínda sen desenvolver.

O pasado 30 de decembro se publicou o primeiro informe trimestral de seguimento de dito acordo, onde se fai unha avaliación do cumprimento dos compromisos adquiridos.

Polo exposto anteriormente, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do propio informe e da situación do sector lácteo en Galicia tres meses despois de asinarse dito acordo?

2. Que aspectos considera a Xunta de Galicia de dito acordo que non están a resultar efectivos para lograr unha recuperación nos prezos percibidos polos produtores e produtoras?
3. En que grado e con que medidas está a traballar a Xunta de Galicia para que haxa un cumprimento deste acordo?
4. Que aspectos considera a Xunta de Galicia que deberían incorporarse a este acordo, dado os resultados obtidos, para que fose máis útil para a recuperación dos prezos pagados ós produtores/produtoras?
5. Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non quere establecer un foro galego de seguimento de dito acordo?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo García García na data 19/01/2016 11:08:50**

**Raúl Fernández Fernández na data 19/01/2016 11:08:56**

**José Ramón Val Alonso na data 19/01/2016 11:09:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 11:33
Nº Rexistro: 45663
Data envío: 19/01/2016 11:33:16.749

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández** e **José Antonio Sánchez Bugallo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Cada día máis, as cidadás e os cidadáns están preocupados polo benestar dos animais domésticos. E son as entidades protectoras as que están a realizar un labor encomiable dependendo, basicamente, das achegas voluntarias e dos donativos de particulares.

As entidades protectoras de animais formulan un cambio na política de loita contra o abandono, posto que o que se está a facer ata o de agora non funciona. Urxe poñer en práctica políticas de prevención e de tenza responsable, pero tamén campañas de esterilización, nos ámbitos urbano e rural e que evitarían camadas indesexadas e o comercio ilegal, ademais de supoñer un beneficio para a saúde dos propios animais.

Mais sabemos que a esterilización é cara, sobre todo nunha situación de crise económica como a que estamos a vivir. Necesítanse axudas de forma urxente.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre necesario o Goberno da Xunta de Galicia un cambio na política de loita contra o abandono, tal e como denuncian as protectoras de animais galegas?
2. Ten intención de iniciar o Goberno este ano 2016 campañas de esterilización, nos ámbitos urbano e rural?
3. Vai conceder o Goberno axudas urxentes a tal fin?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/01/2016 11:17:55**

**Carmen Gallego Calvar na data 19/01/2016 11:18:01**

**Raúl Fernández Fernández na data 19/01/2016 11:18:05**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/01/2016 11:18:11**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 11:35
Nº Rexistro: 45668
Data envío: 19/01/2016 11:35:03.436





**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández** e **José Antonio Sánchez Bugallo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Cada día máis, as cidadás e os cidadáns están preocupados polo benestar dos animais domésticos. E son as entidades protectoras as que están a realizar un labor encomiable dependendo, basicamente, das achegas voluntarias e dos donativos de particulares.

Moitas precisan de melloras e ampliacións das súas instalacións para poder seguir co seu labor e para poder atender ao máximo de animais posible (domésticos e exóticos), cada día maior. Non podemos esquecer que, entre outras cousas, son estas entidades as únicas que loitan contra a lacra que supón o abandono, con campañas de sensibilización pagadas polas propias protectoras e co seu labor de concienciación en escolas e institutos.

O certo é que non existe política de prevención, nin de sensibilización, nin de educación nin de promoción de tenza responsable.

Hai un catálogo de medidas que o Goberno da Xunta de Galicia podería ter feito, como son:

1. A potenciación de campañas de esterilización; de campañas de promoción de tenza responsable fronte as compras compulsivas de animais, sobre todo en épocas como a de Nadal e de sensibilización e concienciación en escolas e institutos.

2. O maior control sobre o abandono e sobre a implantación do microchip (con sancións incluídas).

3. A intensificación da vixilancia fronte a posibles condutas que supoñan infraccións da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 11:35
Nº Rexistro: 45668
Data envío: 19/01/2016 11:35:03.436



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantas campañas de prevención, sensibilización, educación e promoción de tenza responsable fronte as compras compulsivas de animais ten feito a Xunta de Galicia dende 2009 ata o día de hoxe?
2. Cantos expedientes ten aberto a Xunta de Galicia pola comisión de infraccións como o abandono ou a falta de implantación do microchip, dende 2009 ata o día de hoxe?
3. Cantas sancións se teñen imposto polos motivos da pregunta anterior dende 2009 ata o día de hoxe?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/01/2016 11:23:59**

**Carmen Gallego Calvar na data 19/01/2016 11:24:06**

**Raúl Fernández Fernández na data 19/01/2016 11:24:11**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/01/2016 11:24:16**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández** e **José Antonio Sánchez Bugallo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Cada día máis, as cidadás e os cidadáns están preocupados polo benestar dos animais domésticos. E son as entidades protectoras as que están a realizar un labor encomiable dependendo, basicamente, das achegas voluntarias e dos donativos de particulares.

Moitas precisan de melloras e ampliacións das súas instalacións para poder seguir co seu labor e para poder atender ao máximo de animais posible, cada día maior. Non podemos esquecer que, entre outras cousas, son estas entidades as únicas que loitan contra a lacra que supón o abandono.

Ano a ano, este grupo parlamentario presenta emendas aos orzamentos coa fin de que o Goberno da Xunta de Galicia amplíe as cantidades presupostadas. As nosas emendas sempre son rexeitadas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que opina o Goberno da Xunta de Galicia de que as entidades protectoras de animais dependan, basicamente, das achegas voluntarias e dos donativos de particulares?
2. Ten coñecemento o Goberno das necesidades de melloras e ampliacións das súas instalacións para poder seguir co seu labor? Se a resposta fose positiva, de cales?
3. Considera o Goberno que as cantidades presupostadas para o apoio ás protectoras de animais son suficientes?
4. Por que motivos rexeita sempre o Goberno as emendas do Grupo Parlamentario Socialista para a ampliación dos orzamentos nesta área?

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 11:37
Nº Rexistro: 45674
Data envío: 19/01/2016 11:37:46.060

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/01/2016 11:29:19**

**Carmen Gallego Calvar na data 19/01/2016 11:29:25**

**Raúl Fernández Fernández na data 19/01/2016 11:29:29**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 19/01/2016 11:29:35**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte, Patricia Vilán Lorenzo e Pablo García García**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión permanente non lexislativa para Asuntos Europeos.**

O proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, radicado en Ourense, púxose en marcha a través dun convenio, publicado no BOE o 7 de setembro de 2009, subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Un ano despois iniciábanse as obras.

Este centro, proxectado cunha superficie de 3.000 metros cadrados, fináncíase ao 100 % cunha achega total de 7.330.000 € do Programa operativo FEDER 2007-2013, que teñen coma beneficiarios ao Ministerio de Agricultura, Alimentación, e Medio Ambiente (6.730.000 €) ,e á Xunta de Galicia (600.000 €). O obxectivo do mesmo era "*acercar á sociedade a importancia ecolóxica destes espazos naturais e da Rede Natura 2000, mediante unha concienciación medioambiental das implicacións que supoñen estas figuras de protección, empregando para elo como instrumento un Centro de Interpretación dedicado ao coñecemento dos espazos naturais Protexidos y da Rede Natura 2000 de Galicia*".

En novembro de 2011 a Xunta de Galicia paraliza as obras poñendo en perigo o financiamento, e o Plan Estratéxico de Termalismo de Ourense, que establece esta ribeira como estratéxica no termalismo de Ourense.

En novembro de 2012 vólvese a subscribir un segundo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para finalizar o Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia, pero na actualidade as obras permanecen paralizadas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

O período de lexibilidade do marco financeiro do programa operativo FEDER 2007-2013 no que se incluía este proxecto, de acordo coa regra n+2, concluíu o pasado 31 de decembro de 2015 sen que se rematara a execución das obras do citado Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia e polo tanto sen que se xustificaran os fondos asignados.

Por todo o exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) A qué se debe a paralización das obras do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia radicado en Ourense?

2.ª) Das previsións que manexa a Xunta de Galicia, existe perigo de ter que devolver recursos europeos por falta de execución, fóra de prazo, non execución, ou malas prácticas? Se é así, en qué contía?

3.ª) Retirouse o proxecto do Centro de Interpretación de Parques Naturais de Galicia do programa operativo FEDER 2007-2013?

4.ª) En caso afirmativo, empregará a Xunta de Galicia recursos propios da Administración para a finalización das obras?

5.ª) Renuncia o Goberno autonómico a que Ourense dispoña dun Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Patricia Vilán Lorenzo
Pablo García García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodriguez na data 18/01/2016 11:46:26**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 18/01/2016 11:46:34**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 18/01/2016 11:46:39**

**Pablo García García na data 18/01/2016 11:46:48**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:30
Nº Rexistro: 45677
Data envío: 19/01/2016 12:30:04.868

GRUPO PARLAMENTAR
AGE Alternativa Galega de Esquerda

## Á MESA DO PARLAMENTO

O deputados **Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Juan M. Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández,** pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión.**

O Ministerio de Fomento vén de licitar o tramo da A76 Requejo(León)-A Veiga de Cascallá (Rubiá). O tramo está situado entre outros dous en proceso de redacción: o de A Veiga de Cascallá-O Barco e o de Villamartín de la Abadía-Requejo.

Ten 10,70 kilómetros de lonxitude e un custe sen IVA estimado para a execución das obras de 184.458.941 euros.

O tramo discorrerá por un lugar de grande importancia paisaxística e ambiental como é a Serra da Enciña da Lastra, catalogada como parque natural, e atravesará o río Sil, en Covas.

Ademais, o trazado desta infraestrutura, que pretende unir Ponferrada con Ourense, discorrerá a través da Ribeira Sacra, co que isto pode supoñer de agresión ao medio ambiente e poñendo en perigo a súa declaración como Patrimonio da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Cal é a opinión da Xunta de Galicia de que a autoestrada A76 discorra por un lugar de interese natural como é a Serra da Enciña da Lastra?

2.- Cal é a opinión da Xunta de Galicia de que a autoestrada A76 atravese a Ribeira Sacra?

3.- Por que a Xunta de Galicia non contempla outros trazados menos agresivos con estes paraxes –auténticos recursos ambientais, paisaxísticos e turísticos- do noso país?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 19/01/2016 12:22:32**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 19/01/2016 12:22:40**

**Ramón Vázquez Díaz na data 19/01/2016 12:22:47**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 19/01/2016 12:22:53**

**Eva Solla Fernández na data 19/01/2016 12:23:00**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 19/01/2016 12:23:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:42
Nº Rexistro: 45679
Data envío: 19/01/2016 12:42:02.473

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Jorquera Caselas,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para o seu tratamento na Comisión Non Lexislativa para Asuntos Europeos,** relativa a saber as razóns polas que a Xunta de Galiza está a facilitar a chegada de novos capitais para transformar o noso modelo de aproveitamento dos recursos mariños noutro baseado na acuicultura intensiva.

No mes de outubro do 2015 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo participaba no pleno do Comité das Rexións (CdR) como relator do ditame que se aprobou por unanimidade sobre o futuro da acuicultura, un ditame que pretendía identificar os diversos obstáculos que impiden o desenvolvemento deste sector e que segundo a avaliación das directrices comunitarias representa unha oportunidades de desenvolvemento económico e de rendibilidade para futuras inversións.

O señor Gamallo ademais de analizar as dificultades coas que se encontra poder levar a cabo iniciativas na acuicultura, apuntou diversas medidas para seguir avanzando na solución das trabas que a mesma está encontrando.

Para a elaboración deste ditame, segundo afirmación do propio poñente, contou coa colaboración do Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, que mesmo o estivo acompañando en calidade de experto, dada a súa ampla experiencia no sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:42
Nº Rexistro: 45679
Data envío: 19/01/2016 12:42:02.473

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E así fomos entendendo que dende o punto de vista do Goberno galego esta é unha excelente oportunidade, pois este tipo de investimentos van ser subvencionados co Fondo Marítimo Europeo da Pesca (FEMP) 2014-2020, que desta vez destina uns 1.000 millóns de euros para dunha vez por todas colocar a acuicultura ao mesmo nivel de dereitos que a pesca ou o marisqueo.

A propia Comisión europea ven demandando dos estados membros que desenvolvan os instrumentos precisos para diminuír as trabas burocráticas, rebaixar os impedimentos medioambientais, urbanísticos ou sanitarios para permitir unha ocupación de dominio público en mellores condicións incluso que para os usos tradicionais.

Medidas que xa o Goberno galego está a impulsar, dentro das cales destaca a simplificación dos procedementos administrativos, a seguridade xurídica das inversións, a normalización deste tipo de producións e a súa reconversión a producións ecolóxicas, a declaración de interese público, a consideración de plans sectoriais ou a eliminación da obrigatoriedade de ter que definir zonas preferentes para o desenvolvemento da acuicultura, etc.

Son medidas coas que se pretende por primeira vez situar á acuicultura no mesmo plano que as outras actividades pesqueiras e marisqueiras que veñen aproveitando os nosos recursos secularmente.

O señor Gamallo, unha vez máis, escenificou a aposta da Xunta de Galiza por un modelo de desenvolvemento de acordo ao canon que marca Bruxelas, pero unha vez máis, sen contar coa colaboración, a opinión e o parecer do propio sector: bateeir@s, mariscador@s, etc.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:42
Nº Rexistro: 45679
Data envío: 19/01/2016 12:42:02.473

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un bo exemplo disto é a tramitación do anteproxecto de Lei de Acuicultura na que traballa a Xunta de Galicia que é pioneira na UE e que recollerá moitas das propostas deste ditame que foi elaborada polo lobbie da acuicultura de costas ao propio sector.

Aí desenvolve de forma xenérica as principais liñas que debe propiciar a chegada de novos investimentos. Entre as medidas que propón para favorecer o bo desenvolvemento deste sector destaca a simplificación dos procedementos administrativos, a seguridade xurídica para os inversores, facilitar o acceso ao espazo mediante concurso, a necesidade de apostar pola innovación para explotar o seu potencial, a promoción dos mercados locais, a homologación deste tipo de cultivos, ou o financiamento con cartos públicos destes investimentos.

Gamallo resaltou que o crecemento da acuicultura suporía un gran beneficio para zonas rurais e estruturalmente débiles, ademais de xerar emprego cualificado. Curiosamente estes días ducias de colectivos demandan a súa retirada por non contar coa súa opinión e centos de traballadores e armadores manifestan o seu rexeitamento por considerar que son medidas para facilitar que veñan outros a instalarse e aproveitarse dos nosos recursos.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados asinantes, a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.- Cales son as razóns polas que a Xunta de Galiza está a facilitar a chegada de novos capitais para transformar o noso modelo de aproveitamento dos recursos mariños

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:42
Nº Rexistro: 45679
Data envío: 19/01/2016 12:42:02.473

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

noutro baseado na acuicultura intensiva? Escoitou a bateeir@s, e mariscador@s? Comparten a súa posición?

2.- Levamos dende o 2012 con problemas de altas mortaldades dos moluscos e non houbo medidas para enfrontar a caída de ingresos. Neste orzamento hai fondos para a acuicultura intensiva, a mellora dos pensos, as vacinas, posta en valor do peixe cultivado, etc. Considera razoable apoiar este novo modelo e abandonar o noso?

3.- Podería explicarnos as vantaxes que vai ter a transformación de marisqueo en acuicultura? Como se reparten os bancos? Como se transforma unha agrupación de mariscadoras en entidade acuícola? Que tipo de axudas vai ter? Como acede a ocupar o territorio? En que situación quedan as embarcacións de marisqueo a flote?

4.- Hai modelos parecidos como o que pretenden implantar que presentan graves problemas sanitarios. Ao igual que valorou os problemas para a súa implantación, analizou e valorou os problemas medioambientais que xera este tipo de instalación? Que repercusión cre que vai ter no medio e noutras especies?

5.- Os recursos son públicos ou privados? Ata agora os dereitos estaban moi repartidos, porén, con este modelo de xestión concéntranse en poucas mans e moitas veces non se sabe quen é o dono. Este é o modelo de futuro que queren para os nosos recursos mariños?

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 12:42
Nº Rexistro: 45679
Data envío: 19/01/2016 12:42:02.473

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 19/01/2016 12:40:03**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 19/01/2016 12:40:08**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 16:38
Nº Rexistro: 45694
Data envío: 19/01/2016 16:38:01.523

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Porto de Vigo vén de converterse, nos últimos anos no líder en tráfico de cruceiros en todo o norte peninsular. Un tráfico turístico que foi aumentando a súa transcendencia de forma continua e progresiva durante as ultimas décadas, converténdose nun elemento importante de actividade económica da cidade, tanto polo que supón en termos de imaxe, como nos ingresos que xera directamente na economía local a través do gasto directo dos turistas (compras, hostalería, servizos).

Por este motivo, dende o  Concello de Vigo se busca promover unha oferta diversificada e adaptada a cada necesidade, de forma que sexa cal sexa a inquietude do turista, haxa unha resposta dispoñible.

Esta búsquea require a estreita colaboración institucional entre as diferentes administracións.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

En que colabora  a Xunta de Galicia co  Concello de Vigo,  para a promoción do turismo de cruceiros no Porto de Vigo?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2016

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Gallego Lomba na data 19/01/2016 16:32:11**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/01/2016 16:32:18**

**Noela Blanco Rodriguez na data 19/01/2016 16:32:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 16:39
Nº Rexistro: 45698
Data envío: 19/01/2016 16:39:44.678





## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Resulta coñecido por todo o país a dramática situación económica, demográfica e laboral da comarca de Ferrol. A práctica paralización do sector naval e do sector metal - mecánico, teñen sumido a esta importante área de Galicia nun proceso de decadencia ante o que é imprescindible que os poderes públicos respondan.

Esta aguda crise que están a vivir os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día a practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inquedanza con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiranse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Fronte a isto a utilización das perentorias necesidades da área urbana de Ferrol por parte do Partido Popular ten sido escandalosa. Todos recordamos como na campaña electoral de 2012 o Sr. Feijóo alteraba a programación da televisión pública galega para anunciar que grazas a el se conseguira unha carga de traballo importantísima para os estaleiros galegos, sinaladamente para Navantia. Un contrato que o Sr. Feijóo anunciou como "inminente" e que ía crear 3.000 postos de traballo.

O flotel para a compañía Pemex, deu traballo a unicamente uns 300 traballadores e traballadoras dun cadro de persoal de 2.300 persoas (fronte aos miles de despedimentos), un xa mermado cadro de persoal de Navantia que se atopa en subactividade, segundo os sindicatos. Todo isto acontecía mentres máis de 4.000 persoas ían sendo despedidas dos estaleiros.

Estes acontecementos non son os últimos dunha longa travesía de estafas electorais constantes, consumadas polo Partido Popular en Ferrol. O Sr. Feijóo, de novo en campaña electoral, ofreceuse como "o garante do dique flotante", ademais dunha batería de quimiqueiros, remolcadores, etc.

O propio Goberno da Xunta de Galicia, comparecendo na Comisión de Industria deste Parlamento para responder a preguntas formuladas por este grupo non quixo dar resposta a unha pregunta ben clara sobre os rumores de privatización de Navantia - Fene, tema moi preocupante cando o levantamento do veto para xaneiro de 2015 abre expectativas claras de negocio civil que membros do Partido Popular non queren que recaia no ámbito público.

Aínda despois de estas numerosas e reiteradas promesas, tanto do Goberno do Sr. Feijóo como do Sr. Rajoy, os estaleiros da ría de Ferrol seguen a sufrir os efectos devastadores da falta de carga de traballo, máis de 4.000 persoas foron despedidas, e a sangría da empresa auxiliar (na que se ten destruído un 90 % do seu capital humano) continúa.

O dique flotante do que o Sr. Feijóo se constituíu en garante, segue a ser unha entelequia; en tanto os remolcadores, os quimiqueiros, os gaseiros, forman parte de todas esas promesas de Feijoo que escoitaron os traballadores, moitos deles xa teñen rematado todo tipo de axuda.

Mentres tanto os gobernos populares gardan silencio sobre o dique flotante, e non se coñece ningunha xestión para acadar carga de traballo civil unha vez que se ten producido o levantamento do veto, a pesares dos prazos dos procesos de contratación.

Os datos sociais, laborais e demográficos son devastadores. Máis de 4.000 despedidos, as empresas auxiliares que traballaban nos estaleiros desaparecen, o cadro de persoal está nunha subactividade total mentres as promesas confusas caen período electoral tras outro.

Chegaron novas campañas, e novas promesas, unha nova "inminente". Os escasos compromisos de buques tipo LHD quedaron nun BAM que, cando chegue (de novo albiscase a demora) ocupará a unha media de 250 dos seus traballadores e traballadoras. Nin un só posto de traballo novo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 16:39
Nº Rexistro: 45698
Data envío: 19/01/2016 16:39:44.678

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Goberno do Sr. Rajoy fixo unha consulta a Bruxelas sobre as posibles axudas para a construción do dique flotante. A resposta da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea, orientada nos termos propostos polo Goberno de Mariano Rajoy, supoñía un importante obstáculo no camiño do dique.

Ante a resposta de Bruxelas, representantes do Partido Popular, incluído o conselleiro de Economía e Industria, afanáronse en saír encantados coa escusa que acababa de brindarlles unha pregunta mal formulada para non construír o tan ansiado dique. Ese dique que foi votado a favor e en contra polos mesmos deputados do Partido Popular, nun esperpento de política na que todo vale.

Sorprendentemente ningún goberno do PP ten buscado alternativas, dentro da súa inexplicable incompetencia, á consideración de axudas de Estado, nin a excepcionalidade das regras de competencia nas que incorre Ferrol dada a súa dramática situación socioeconómica.

Mentres tanto, xa fai un ano dende o 1 de xaneiro de 2015, e os gobernos do Partido Popular seguen a dar a calada por resposta respecto ás xestións levadas a cabo dende que se levantou o veto.

Os socialistas vimos advertindo da necesidade de novos contratos, que garantan plena ocupación aos estaleiros da ría de Ferrol e a súa división de reparacións, un compromiso firme de todas as institucións para dotar de medios técnicos e humanos o estaleiro de Fene, e a garantía de Navantia de facer efectiva de forma inmediata o fin do veto a construción naval civil.

A evolución da construción naval a nivel mundial, as oportunidades que ofrece un complexo como os estaleiros situados na ría de Ferrol, a capacidade demostrada historicamente polos mesmos, nun contexto de alarmante desemprego e despoboación, esixen decisións políticas que sitúen o naval como estratéxico.

Ningún goberno que se reclame tal, pode permanecer de espectador cando o que está en xogo é un dos piares básicos da economía e da creación de emprego.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno galego das dificultades económicas, sociais, demográficas e laborais que está a padecer a comarca de Ferrolterra?
2. Ten deseñado algunha estratexia definida para tentar combater estas dificultades?
3. Esta estratexia é de carácter sectorial ou xeneralista?
4. Ten previsto actuacións concretas no sector da construción naval?
5. Ten compartido e debatido estas actuacións, en caso de existir, co Goberno de España e coa empresa pública Navantia?
6. Cales teñen sido, en caso de existir, os resultados de estas estratexias conxuntas?
7. En que ámbitos do proceso produtivo?
8. Organización industrial?
9. Política comercial?
10. Estratexia laboral?
11. Investigación e innovación?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/01/2016 16:36:49**

**José Manuel Gallego Lomba na data 19/01/2016 16:36:55**

**Noela Blanco Rodriguez na data 19/01/2016 16:37:01**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2016 17:10
Nº Rexistro: 45701
Data envío: 19/01/2016 17:10:17.292



**Á Mesa do Parlamento**

**Mª Soledad Soneira Tajes, José Ramón Val Alonso, Manuel Gallego Lomba e Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 1152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

En 2009 a Xunta de Galicia tomou a decisión de dotar a unha das zonas, a Costa da Morte, máis perigosas para o tráfico marítimo das nosas costas, dun helicóptero de salvamento de propiedade da Comunidade Autónoma.

A primeira decisión tomada polo Goberno Feijoo, nese mesmo ano, foi anular esta compra e deixar sen efecto o plan da entón conselleira, Gallego Calvar, de incrementar os medios de salvamento de Galicia.

O Ministerio de Fomento retomou esta idea e, en 2010, anunciou a construción dunha base de salvamento nuns terreos postos a disposición do Estado polo concello de Cee. Esta nova infraestrutura de salvamento marítimo contaba con tódolos permisos e informes preceptivos, e entrou en funcionamento na primavera de 2012. No outono dese mesmo ano aterrou o Helimer 203 destinado a esa base e pouco despois desapareceu da Costa da Morte, converténdose nun auténtico Expediente X xa que ninguén sabe onde se atopa.

Despois de varias vicisitudes, incluídos os equipos para que a base fose operativa de noite, e logo de asegurar, os responsables de Fomento como da Xunta de Galicia, que o helicóptero estaba sendo sometido a melloras técnicas que nunca se concretaron, e logo dunha campaña de desprestixio da base de salvamento de Ruíbo e de descualificación da iniciativa que dou lugar a mesma, a Sra. ministra de Fomento vén a confirmar o que xa tiñamos ditos algúns dos asinantes desta iniciativa: que a Costa da Morte non tería base de salvamento marítimo e Galicia veríase privada de máis recursos nesta materia.

Foron moitas as iniciativas presentadas polo noso grupo sobre este asunto e sempre a contestación foi a de que o helicóptero estaba desprazado de xeito temporal e que a base estaba sendo sometida a melloras para facela operativa as 24 horas. E en tódalas ocasións mentiuse en sede parlamentaria e enganouse aos voceiros do noso grupo parlamentario e, sobre todo, aos galegos e galegas, especialmente aos que habitan na Costa da Morte e que saben o que é vivir en carne propia os maiores desastres marítimos da historia de Europa.

A Sra. ministra de Fomento acaba de confirmar o que xa sabíamo: que nunca houbo intención de manter operativa esta base de salvamento; que, nin de día nin de noite, houbo a mais mínima intención de manter un helicóptero permanente na zona; que a decisión xa estaba tomada dende que o presidente da Xunta tomou posesión en 2009; que o Goberno galego non ten a máis mínima intención de dotar a esta parte do territorio de medios de salvamento marítimo de resposta rápida; que, xa van moitas, este tipo de decisións forman parte do modus operandi dos gobernos sostidos polo Partido Popular para cos habitantes da Costa da Morte.

Diante desta aldraxe, as deputadas e os deputados asinantes, formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión 8.ª.

1.ª) Cales son os informes técnicos que impiden manter activa a base de salvamento marítimo de Ruíbo, en Cee?

2.ª) Quen os emitiu?

3.ª) A petición de quen?

4.ª) Onde figuran?

5.ª) Considera a Xunta de Galicia que os informes, autorizacións e permisos que deron lugar á construción da citada base de salvamento, eran negativos e contrarios a toda lei e a toda razón?

6.ª) Sabe a Xunta de Galicia onde vai o helicóptero que estaba destinado na base de Ruíbo?

7.ª) Presta servizos en Galicia ou está destinado noutros territorios do Estado?

8.ª) Que vai facer a Xunta de Galicia diante deste recorte infame dos medios e recursos de salvamento do Estado en Galicia?

9.ª) Considera a Xunta de Galicia que a nosa Comunidade Autónoma esta sobrada de medios de salvamento?

10.ª) Considera a Xunta de Galicia que a seguridade e protección das xentes do mar de Galicia non merecen unha mellor defensa por parte do seu Goberno?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2016

Asdo.: Mª Soledad Soneira Tajes
José Ramón Val Alonso
Manuel Gallego Lomba
Mª de los Angeles Ferreiro Vidarte
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajes na data 19/01/2016 17:01:37**

**José Ramón Val Alonso na data 19/01/2016 17:01:47**

**José Manuel Gallego Lomba na data 19/01/2016 17:01:58**

**María de los Ángeles Ferreiro Vidarte na data 19/01/2016 17:02:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 10:52
Nº Rexistro: 45711
Data envío: 20/01/2016 10:52:18.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** a iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Comisión,** relativa a saber que medidas impulsou a Xunta de Galiza para impedir a proliferación do mexillón exótico (Xanostrobus securis).

O mexillón denominado exótico, Xanostrobus securis, é unha especie invasora que ten a súa área de distribución natural no Pacífico sur, en augas de Australia e Nova Zelandia. Esta especie tense trasladado a augas europeas sen saberse a día de hoxe as causas exactas. As primeiras referencias da súa aparición teñen lugar no Mar Mediterráneo, en concreto na zona da lagoa da Ravvena, en Italia. No Estado español as primeiras noticias da súa aparición tiveron lugar no norte de Cataluña no ano 2011 e no Cantábrico. No noso país tense localizado no interior da ría de Vigo e as causas da súa introdución non deixan de ser hipóteses que apuntan a que podería vir na ostra procedente do Adriático, que algunha empresa de Arcade compra para posteriormente realizar a súa inmersión para o engorde nas bateas da ría e logo proceder á súa comercialización. Outra das hipóteses comúns e que ditas especies viaxasen nas sentinas ou nos tanques de lastre dos barcos e que foran baleirados ao pasar polas nosas costa. E por último tamén se apunta a posibilidade de que formara parte dos lotes importados de sementes de determinados moluscos. Sexa como for a realidade é que está aquí e se está a expandir pola contorna da ría de Vigo, que presenta unha gran capacidade de colonización e que o aumento da temperatura da auga, producido polo quentamento global, favorece o asentamento desta especie.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 10:52
Nº Rexistro: 45711
Data envío: 20/01/2016 10:52:18.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

Dita especie ten capacidade para fixarse nos rochedos, na area ou no lamego. Na actualidade xa se detectou fora da enseada de San Simón, en rochedos e sobre artefactos flotantes e tense constatado que ademais de soportar un amplo espectro de salinidade pode ocupar bastas superficies, alcanzando densidades de 100.000 exemplares por metro cadrado. Esta capacidade de colonizar o territorio supón un impacto negativo no interior da ría, composto por ecosistemas moi delicados que dependen dos cauces fluviais e que conforman un modelo de estuario. Este impacto estase trasladando a fora da zona estuaria.

Tamén está a competir e desprazar as poboacións nativas de mexillón Mytilus galloprovincialis, e tamén son portadores do parásito Marteilia refrigens, co cal podía contribuír a manter a marteiliosis nas nosas augas.

Dada a gravidade da situación no ecosistema Ría de Vigo sería importante ver como se vai desenvolvendo o proceso de competencia versus facilitación respecto ao mexillón autóctono e ter en conta as alternativas para que este tipo de especies invasoras non se poidan introducir nas nosas augas e causar verdadeiros estragos como o está a causar a Marteilia no caso do berberecho.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.- Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galiza para impedir que na inmersión de especies mariñas se introduzan especies alóctonas?

2.- Van investigar as causas da introdución deste tipo de especies e de determinados microorganismos asociados aos mesmos, que causan dano e mortaldade nos moluscos bivalvos das nosas augas? Que medidas se van adoptar para impedir a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 10:52
Nº Rexistro: 45711
Data envio: 20/01/2016 10:52:18.565

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de ComposteGali

inmersión de especies non autorizadas e de organismos susceptibles de atacar a produción acuícola ou marisqueira ?

3.- Vai comprometer un estudo para analizar a evolución do mexillón exótico "Xanostrobus securis" no ecosistema Ría de Vigo, a competencia co mexillón autóctono e a súa incidencia nas nosas augas?

4.- Que medidas pensa adoptar para blindar a nosa miticultura e o marisqueo autóctono e impedir que un escaso control das importación de especies ou de cría de moluscos poida traer graves problemas para as producións autóctonas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Rodas Chapela na data 20/01/2016 10:51:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 12:18
Nº Rexistro: 45718
Data envío: 20/01/2016 12:18:11.016

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os recortes que se veñen producindo na sanidade pública constitúen un grave problema. De feito, constátanse problemas diversos que acaban afectando a calidade do sistema e consecuentemente, á saúde das persoas. Un dos lugares onde se está poñendo de manifesto problemas é nos centros de saúde de Curtis e Teixeiro, afectando á poboación dos concello de Curtis, Sobrado e Vilasantar.

Segundo ten sido informado o noso grupo parlamentar, os centros de saúde de Curtis e Teixeiro teñen diversas carencias. Nestes días manifestábase de novo a queixa de moitas nais e pais pola non cobertura de baixas de pediatría. Unha situación que non é nova e que provocou un bo número de queixas.

Ademais, no caso de Curtis, temos constancia da existencia de listas de agarda en atención primaria que chegan aos tres días. Unha situación que é grave e condiciona de xeito claro a saúde das e dos veciños deste concello.

Ante esta situación, desde o Grupo Parlamentar do BNG urximos á Xunta de Galiza, a través do Sergas, a que garanta a continuidade dos servizos de pediatría nestes concellos e amplíe o número de médicos/as de atención primaria evitando uns tempos de agarda que non se debían de producir en ningún caso.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 12:18
Nº Rexistro: 45718
Data envío: 20/01/2016 12:18:11.016

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Como valora a Xunta de Galiza a situación descrita?

Que medidas vai adoptar para garantir que o servizo de pediatría se preste con continuidade nos concellos de Curtis e Teixeiro?

Ten previsto a Xunta de Galiza incrementar o persoal médico no centro de Curtis?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/01/2016 12:17:13**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 12:17:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:39
Nº Rexistro: 45725
Data envío: 20/01/2016 13:39:35.641

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á campaña de POVISA para fomentar a adscrición de doentes do sistema sanitario público.

Tras a sinatura do novo concerto con POVISA, o SERGAS publicou a Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os beneficiarios da Seguridade Social asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada. Esta instrución establece que do 1 ao 30 de novembro estará aberto o período anual para poder proceder á elección de centro hospitalario para as persoas que teñen asignado POVISA como hospital de referencia.

Segundo diversas informacións este centro hospitalario privado estivo a facer unha intensa e agresiva campala de captación de "clientes", que todo indica que vai máis alá do que establece a instrución do SERGAS. Todo indica que procedeu a recoller datos persoais e de tarxeta sanitaria de persoas sen ningunha vinculación co centro, para instalos e "facilitarlle" que soliciten este centro como provisor de Atención Sanitaria Especializada.

Toda vez que o pago do concerto é capitativo, todo indica que hai un intento de incrementar o número de doentes asignados, aproveitando a tremenda alarma creada polas múltiples deficiencias e problemas detectados no Novo Hospital de Vigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:39
Nº Rexistro: 45725
Data envío: 20/01/2016 13:39:35.641

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

-Que opinión lle merece ao Goberno galego o proceder de POVISA?

-Coida que se axusta ao contido na instrución 7/2014?

-Ten realizado o SERGAS algunha actuación para fomentar que as persoas que teñen a POVISA como hospital de referencia para a prestación de Atención Sanitaria Especializada, opten por solicitar esta asistencia no CHUVI?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 13:30:38**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:39
Nº Rexistro: 45726
Data envio: 20/01/2016 13:39:51.063

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de dotar á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada de xeito permanente

A demanda dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés vén realizándose practicamente, dende a inauguración do propio Hospital do Salnés. Unha reivindicación que estivo a punto de converterse en realidade, mais coa volta ao Goberno da Xunta do PP quedou pendente para o vindeiro concurso. Mais chegou o vindeiro concurso e a ambulancia medicalizada para o Salnés non chegou. Por iso, un grupo de técnicos de emerxencias sanitarias da zona do Salnés-Umia capitanearon de novo esta reivindicación ao convocar o 061, a finais de novembro de 2014,un novo concurso para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galiza e comprobar que nesa convocatoria non estaba a dotación para a área sanitaria do Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado.

As urxencias sanitarias que se produzan na comarca do Salnés no ámbito extrahospitalario nos concellos de Sanxenxo, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Ribadumia só contan con catro ambulancias asistenciais de soporte vital básico, que son as que só contan cunha persoa que conduce o vehículo e un/unha técnico-auxiliar. Estas ambulancias teñen as súas bases en Ogrobe, Sanxenxo, Vilagarcía e Cambados.

A comarca do Salnés está por debaixo da ratio que establece a Organización Mundial da Saúde para a dotación deste tipo de ambulancias, que establece que debe

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

haber unha por cada 25.000 habitantes. Estamos a ver como isto non é así: a ambulancia que ten a súa base en Vilagarcía atende os concellos de Vilagarcía, Catoira e Vilanova de Arousa, que ten unha poboación de arredor de 51.000 persoas; a que ten a súa base en Cambados atende os concellos de Cambados, A Illa, Meaño, Ribadumia e Meis, unha poboación de arredor de 31.000 persoas; é dicir, estamos a ver como hai unha media dunha ambulancia por cada 41.000 persoas nesta zona.

A isto hai que engadir que a ambulancia de soporte vital avanzado máis próxima ten a súa base en Pontevedra, e si ten que acudir esta ambulancia, no mellor dos casos, tarda unha media de 30 minutos que se ve ampliada a 50 nos casos da Illa de Arousa ou de Catoira; iso cando esta ambulancia non está ocupada e hai que chamar a que estea, por exemplo en Vigo, co cal os tempos de resposta, as isócronas, multiplícanse.

Polo tanto hai unha ambulancia de soporte vital avanzado en Pontevedra que ten que atender unha poboación de máis de 300.000 habitantes: toda a zona de Pontevedra, parte do Morrazo, parte da zona de A Estrada-Deza e toda a comarca do Salnés, isto en época normal, porque en épocas como a estival, esa poboación multiplícase, cando a OMS recomenda que haxa unha por cada 120.000.

Segundo os propios datos aportados polo 061,as ambulancias de soporte vital básico que operan no Salnés realizan uns servizos anuais que superan os 14.000. A isto habería que engadir os servizos que fan as ambulancias de Protección Civil, tanto do Concello de Vilagarcía como de Cambados; é dicir, uns medios a todas luces insuficientes.

A isto que temos que engadir que o Hospital do Salnés non conta cunha UCI, a pesares de ser un compromiso electoral do Partido Popular. Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendíbel que unha comarca tan ampla, con tanta poboación como a do Salnés,cunha alta densidade de poboación que se multiplica en épocas do ano, especialmente no verán, cun porto de interese xeral,

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha importante actividade económica con potencial risco como é o traballo no mar e cunha alta sinistralidade viaria non teña un hospital con UCI e non conte con ningunha ambulancia de soporte vital avanzado, é dicir dotada cun equipo humano especializado, con persoal facultativo e de enfermería e coa dotación de equipos necesarios para atender emerxencias de gravidade.

É evidente que os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías de extrema gravidade, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo e de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia de soporte vital avanzado, nin ter UCI o Hospital do Salnés.

Sobran as razóns que xustifican a necesidade dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés, e non hai argumentos para xustificar o contrario, nin sequera a falta de recursos económicos, xa que a Xunta de Galiza licitou en novembro de 2014 o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre de Galiza, que non contemplou a dotación de ambulancia de soporte vital avanzado para o Salnés, esta licitación contemplaba un importe de 121.652.000, mais a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galiza-061, adxudicou o mesmo por un importe inferior en ao menos o 3%, isto supón un aforro de máis de 3 millóns de euros.

O BNG considera imprescindíbel esta dotación para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@s veciñ@s da comarca, motivo polo cal formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cales son as razóns para que o Goberno galego non dote á comarca do Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado con un equipo profesional especializado?

-Considera que @s veciñ@s da comarca do Salnés poden recibir unha atención sanitaria rápida e con garantías, diante dunha patoloxía de gravidade, carecendo de UCI

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:39
Nº Rexistro: 45726
Data envio: 20/01/2016 13:39:51.063

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no Hospital do Salnés e de ambulancia de soporte vital avanzado?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza o risco que supón para @s veciñ@s do Salnés unha isocrona media de 30 minutos para que chegue unha ambulancia de soporte vital avanzado?

-Tendo en conta que o tempo é un factor esencial, considera que os veciñ@s do Salnés teñen as mesmas oportunidades diante dunha patoloxía de gravidade que os de outras zonas do país?

-Que opinión lle merece que o Salnés teña unhas ratios poboación/ambulancia moi por debaixo do que establece a OMS?

-Ten intención o Goberno galego de dotar ao Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado?, de ser así en que prazo?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 13:35:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45727
Data envío: 20/01/2016 13:40:04.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de realizar melloras e dotar de máis persoal ao centro de saúde de Oza dos Ríos

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Os recortes a redución dos orzamentos dedicados á sanidade, rebaixa continua dos cartos dedicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións.

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular.

Un exemplo desta situación concrétase no centro de saúde de Oza dos Ríos, este centro foi construído no ano 1988 e desde ese momento a única mellora que se realizou no edificio foi substituír o teito. Na actualidade presenta múltiples deficiencias, en parte debidas aos corrementos de terra nun lateral; isto provocou grandes fendas en todo o edificio, especialmente na consulta de enfermería e que supoñen un grave risco de derrubamento.

As fendas son as mostras máis evidentes do deterioro do edificio, no que ademais

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45727
Data envío: 20/01/2016 13:40:04.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non se poden abrir nin fechar as fiestras, xa que están desencaixadas dos marcos e suxeitas con cinta polo propio persoal sanitario, a isto hai que engadir que as portas dos aseos non permiten o acceso en cadeira de rodas, o mobiliario e o propio centro están obsoletos e non presentan as condicións hixiénicas propias dun centro de saúde. Tamén é preciso acometer toda unha serie de melloras coma a limpeza e adecuación de almacéns, o subministro de móbeis e outros accesorios para consulta e oficina, cuestións absolutamente indispensábeis para unha boa atención ás usuarias e usuarios.

Por outra banda, as portas dos aseos non permiten o acceso en cadeira de rodas, o mobiliario e o propio centro están obsoletos e non presentan as condicións hixiénicas propias dun centro de saúde.

O propio persoal do centro ten denunciado publicamente as deficiencias do centro, e trasladado a situación ao SERGAS, e até o día de hoxe non obtiveron resposta.

A estas deficiencias na estrutura e ás carencias materiais hai que engadirlle a necesidade de ampliar a atención que prestan neste centro de saúde a matrona e a pediatra, que só acoden a este centro unha vez á semana

A falla de infraestruturas sanitarias de calidade e persoal conforme ao nivel poboacional dun concello de máis de cinco mil habitantes, está a causar grave prexuízo @s veciñ@s de Oza dos Ríos, razón pola cal formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Coida que se lle está prestar unha atención sanitaria de calidade @s veciñ@s de Oza dos Ríos coas deficiencias que ten o centro de saúde?

-Coida a Consellaría que un tanto a pediatra coma a matrona, acudindo un só día á semana, poden atender a toda a poboación adscrita ao centro de saúde de Oza dos Ríos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45727
Data envío: 20/01/2016 13:40:04.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto a Xunta de Galiza acometer as melloras precisas no centro de saúde de Oza dos Ríos?

-Vai ampliar as horas e días que acoden a este centro de saúde tanto a pediatra como a matrona?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG
Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 13:36:45**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/01/2016 13:37:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45728
Data envío: 20/01/2016 13:40:16.969

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á precarización do mercado laboral.

As nefastas políticas laborais, económicas e sociais do PP e, en concreto, do goberno de Feijóo, á fronte da Xunta de Galiza, tiveron como consecuencia que Galiza fora a comunidade na que menos aumentara a actividade económica o pasado ano no conxunto do estado e este ano todos os indicadores levan a pensar que se repetirá esa dinámica, tanto en materia de emprego como en actividade económica.

É tremendamente preocupante a cada vez maior precarización do mercado de traballo. Unha situación que se acelerou exponencialmente desde que se aprobaron as reformas laborais.

Os contratos que se asinan son temporais, non chegan nin ao 8% os indefinidos, e ademais os datos indican que son de escasísima duración, unha mostra clara é que nun mes onde ten aumentado o desemprego, rexistráronse un total de 68.070, o que dá idea da altísima rotación e a baixísima duración dos contratos.

O emprego a tempo parcial, está sendo unha alternativa que na meirande parte dos casos non é voluntaria, senón que é a única posibilidade.

Cen mil galegos traballan a tempo parcial porque non atopan un posto de traballo a xornada completa.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45728
Data envío: 20/01/2016 13:40:16.969

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A devaluación salarial propiciada pola reforma do mercado de traballo e o aumento do emprego a tempo parcial, teñen agravado o fenómeno da chamada pobreza laboral en Galiza.

Pobreza laboral que é a que viven as persoas, que tendo un emprego, están por debaixo do limiar mínimo que lles permita unha vida independente, que está a cronificarse, e deixando de ser un fenómeno conxuntural e converténdose en estrutural.

Por estas razóns formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar @s miles de galeg@s que están sumid@s na pobreza laboral?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 13:22:57**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45729
Data envío: 20/01/2016 13:40:31.329

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de normalizar o subministro da vacina do Meningococo B e a súa inclusión no calendario de vacinas.

A meninxite B é unha patoloxía grave que afecta fundamentalmente a nen@s, causa actualmente 7 de cada 10 casos de meninxite, e preocupa e alarma á sociedade, xa que a mesma pode deixar graves secuelas ás persoas que a padezan e incluso a morte.

Galiza é unhas das zonas de maior prevalencia do Estado español, e desgraciadamente hai que lamentar a morte de 2 nen@s nun espazo corto de tempo.

En 2013 a Axencia Europea do Medicamento aprobou unha vacina fronte ao Meningococo B (Bexsero), que ofrece unha cobertura moi próxima ao 70%. En un principio o ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, autorizou o seu uso só nos servizos de Farmacia dos centros hospitalarios e a administración aos grupos de risco.

A non inclusión no calendarios vacinal e non dispensación nas boticas, tivo como consecuencia que pais e nais se lanzara a adquirila a través de internet ou a facer unha auténtica peregrinaxe a países como Portugal para adquirila, con todos os riscos que isto conleva.

Froito da presión social e institucional, a partir do 1 de outubro de 2015 a vacina do Meningococo B pode adquirirse nas boticas de Galiza. Esta decisión, sendo un avance, xa que non dá resposta á demanda de que se inclúa no calendario de vacinación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45729
Data envío: 20/01/2016 13:40:31.329

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

está a crear un grave malestar e descontento, e unha situación de discriminación e desigualdade, xa que o seu elevado custe,106 euros por dose, fai que só as persoas con capacidade económica lla poidan subministrar @s seus nen@s.

A maiores estase producindo unha situación de desabastecemento nas boticas, o que ten como consecuencia longas listas de espera para poder adquirila, e,segundo denuncias de profesionais de farmacia, moitas irregularidades no seu subministro.

Por as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Vai realizar o Goberno galego algunha actuación para a inclusión da vacina do Meningococo B no calendario de vacinación?

-Que opinión lle merece a situación de discriminación e desigualdade, por razóns económicas, no acceso á vacina do Meningococo B?

-Que actuacións ten realizado, ou vai realizar, para garantir a normalización na distribución da vacina do Meningococo B ás boticas galegas?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 13:40
Nº Rexistro: 45729
Data envio: 20/01/2016 13:40:31.329

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Monserrat Prado Cores na data 20/01/2016 13:38:47**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 16:55
Nº Rexistro: 45736
Data envío: 20/01/2016 16:55:55.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cosme Pombo Rodríguez**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que pensa tomar a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para garantir a calidade educativa do CEIP de Xermade.

A política educativa da Consellería de Educación, durante os cursos 2009-2015, foi o recorte continuado de persoal necesario para ofertar unha educación de calidade nos centros públicos de Galiza. Lamentábelmente, no presente curso escolar (2015-2016), continúa cos recortes do cadro de profesores e profesoras nos centros de ensino público. Estes recortes provocan unha perda de calidade educativa moi importante xa que implicou a eliminación de desdobres e a eliminación da atención a diversidade en moitos centros públicos.

Un deses centros que está a sufrir os alarmantes recortes en materia educativa é o CEIP de Xermade na provincia de Lugo. A Anpa deste Centro Público reclamou melloras educativas no centro para atender con parámetros de calidade aos preto de 80 alumnos/as. Trátase de melloras educativas, que comparte a totalidade da comunidade educativa e a propia Corporación Municipal, e que están fundamentadas:

- Na necesidade de profesorado docente específico para atender ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais, nomeadamente AL e PT.
- Na necesidade de garantir unha educación pública de calidade evitando a agrupación de varios cursos nunha mesma aula.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 16:55
Nº Rexistro: 45736
Data envío: 20/01/2016 16:55:55.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do BNG comparte as demandas da Comunidade educativa e da Corporación municipal de Xermade que reclaman medidas que garantan o dereito das nenas e nenos a recibiren unha atención educativa de calidade.

Para o Grupo Parlamentar do BNG non é de recibo a política de recortes continuados no ensino público porque se está a xogar coa educación das nosas nenas e nenos e porque se está a xogar co dereito fundamental a recibir unha educación de calidade, tamén no noso Rural.

Polo exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Comisión:

1º.- Que criterios seguiu a Consellería de Educación á hora de establecer os recortes de profesores e profesoras do CEIP de Xermade?

2º.- Como valora a Xunta de Galiza as demandas da Anpa deste CEIP reclamando máis profesorado e desdobre dos ciclos?

3º.- Qué razóns levan á Xunta a desatender as necesidades educativas do centro?

4º.- Ten previsto a Xunta de Galiza dotar de máis profesorado de primaria e especialistas (PT, AL) para atender as necesidades educativas especiais do alumnado do centro?

5º.- Ten previsto a Xunta de Galiza atender a demanda da Corporación Municipal de Xermade sobre esta cuestión?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2016 16:55
Nº Rexistro: 45736
Data envío: 20/01/2016 16:55:55.713

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/01/2016 16:54:32**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Pablo García García**, **Raúl Fernández Fernández** e **José Ramón Val Alonso**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

A principios do mes de xuño do ano 2015 o Concello de Agolada a través de un comunicado nos medios de comunicación trasladaba que se fixeran "un cento de notificacións para a limpeza de fincas que se atopaban en estado de abandono e que polo tanto estaban poñendo en risco grave de sufrir un incendio forestal".

Tal como era recollido se defendía esta actuación xa que segundo o alcalde "a maioría dos propietarios avisados desbrozaban tras este aviso".

Efectivamente tal como se recolle na propia lei "as persoas físicas ou xurídicas responsables, procederán a execución da xestión da biomasa antes do 30 de xuño de cada ano e con arranxo os criterios establecidos por orden da consellería competente en materia forestal.....si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa, as citadas administracións públicas, con arranxo as atribucións competenciais definidas con anterioridade, poderán proceder a execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa, repercutindo os custos as persoas responsables...".

No Concello de Agolada son moitas as parcelas que se atopan no Bantegal, e moitas delas se atopan en estado de abandono estando situadas ó lado de parcelas con plantacións en condicións boas de xestión e coidado por parte dos seus propietarios, xerando un risco para estas no caso de provocarse un incendio forestal.

Un claro exemplo deste problema é a Parcela 00148/ Polígono 506.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Ante isto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando foi cedida esta parcela o Bantegal?
2. En que situación de cultivo se atopaba? Como se desenvolveu o proceso para a venda do arbolado?
3. En que ano se procedeu a venda do arbolado desta parcela?
4. Que actuacións se fixeron na parcela dende entonces?
5. Notificóuselle ó Bantegal por parte do Concello de Agolada o requirimento para o desbroce da mesma?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2016

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo García García na data 20/01/2016 16:16:38**

**Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2016 16:16:49**

**José Ramón Val Alonso na data 20/01/2016 16:16:55**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727